

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8.

SESION ORDINARIA DO 31 DE MAIO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura (incorpórase
ás 9,15 h.)
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
(incorpórase ás 10,22 h.)
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día trinta e un de maio do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López

Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(76).- ACTAS ANTERIORES: (EXT. E URX. 13.03, EXTR. 13.03, EXTR. URX. 23.03 E ORDINARIA DO 29.03.2017).

(No momento da votación atópanse ausentes a Sra. Abelairas Rodríguez e o Sr. Pardo Espiñeira).

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións extraordinaria e urxente do 13.03, extraordinaria do 13.03, extraordinaria e urxente do 23.03 e ordinaria do 29.04.2017.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(77).- DECLARAR EXTINGUIDA A SUSPENSIÓN DE LICENZAS ACORDADA NAQUELAS PARCELAS DO NÚCLEO RURAL NO PXOM 1993 QUE

NO PXOM DO 2008 XA TEÑAN RECOÑECIDAS A CONDICIÓ DE SOLO URBANO CONSOLIDADO OU SOLO DO NÚCLEO RURAL NR-1º. EXPTE. 92223/421 (REXISTRO PLENO 1555/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 26 de abril de 2017, o Xerente Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“A notificación ao Concello da Sentenza do Tribunal Supremo do día 10.11.2015, Recurso de Casación núm. 1658/2014, que declara a nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, con aprobación definitiva parcial mediante Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16.05.2008 (anuncio publicado no DOGA do día 03.06.2008 e normativa publicada no BOP num. 151-anexo do día 06.08.2008) e aprobación definitiva mediante Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do día 13.07.2009 (anuncio publicado no DOGA do día 24.07.2009 e normativa publicada no BOP do día 10.09.2009) tivo como consecuencia directa a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Galicia do día 29.04.1993, publicado mediante Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do día 04.05.1993 (DOGA 10.05.1993) como “Subsanación de deficiencias da adaptación do PXOU 1988 á Lei Galega 11/1985” (LASGA).

A delimitación de núcleos e a clasificación do solo empregadas no PXOU93 baséanse na estrutura proposta na LASGA, mediante a definición de 4 tipos de núcleos (núcleos urbanos existentes, núcleos de poboación de nova creación, núcleo rural existente de carácter tradicional e núcleo rural existente de recente formación) e a clasificación do solo destes núcleos como solo urbano, urbanizable programado, urbanizable non programado e non urbanizable, en función do cumprimento dos requisitos esixidos pola lei do solo para cada categoría.

Para o desenvolvemento dos núcleos de poboación o artigo 19 da LASGA establecía o seguinte:

“SECCIÓN TERCERA. El desarrollo de los núcleos de población.

Art. 19.

1. Los terrenos de los núcleos urbanos y de los rurales tradicionales y de reciente formación se ordenarán directamente mediante las determinaciones del plan general o de las normas subsidiarias, o por medio de la redacción de un plan especial, que tendrá el carácter de reforma interior cuando los terrenos se hayan clasificado como urbanos, y de mejora del medio si afectase a terrenos de núcleos rurales tradicionales clasificados como no urbanizables. Cuando la ordenación pormenorizada se realice mediante un plan especial de

reforma interior o de mejora del medio, el plan general o las normas deberán fijar por lo menos los usos y actividades autorizados, así como sus características, intensidades, equipamientos, servicios mínimos y el sistema de comunicaciones. El plan o norma deberá determinar para los núcleos rurales la dotación mínima destinada a parque público y zonas verdes.

2. Los planes o normas determinarán las condiciones mínimas de urbanización exigibles para que los terrenos comprendidos en el suelo urbano tengan la consideración de solares, entre las que se comprenderán, como mínimo, los servicios que a este fin requiere el artículo 78 de la Ley del Suelo.

3. Los planes o las normas señalarán los núcleos y fijarán los indicadores a partir de los cuales se requiera un tratamiento, mediante un plan especial de reforma interior o de mejora del medio, para asegurar la creación de dotaciones urbanísticas y equipamientos comunitarios en proporción adecuada a las necesidades colectivas y características de la población, saneamiento y mejora de los servicios públicos, y medio ambiente, resolución de problemas de circulación y otros análogos.

4. Estos planes especiales contendrán un programa de actuación y un estudio económico-financiero que garantice los compromisos de ejecución de la Administración Pública y de los particulares.

5. Una vez acordada la formación del plan especial de reforma interior o de mejora del medio no se autorizará la construcción de nuevas edificaciones hasta su aprobación definitiva.

6. El Conselleiro de Ordenación del Territorio y Obras Públicas y la Comisión Provincial de Urbanismo podrán acordar de oficio, en defecto de actuación municipal, la formación del correspondiente plan especial.”

Con base no preceptuado no art. 19 da LASGA, o PXOU 93 estableceu nas Normas Urbanísticas, apartado 3.9.5. Condicións de planeamento de desenvolvemento no distrito periférico, os indicadores para a formación de Plans Especiais de Reforma Interior (PERIS) ou de Plans Especiais de Mellora do Medio (PEMMM) nos núcleos delimitados no ámbito exterior do núcleo central, clasificados, respectivamente, en solo urbano e solo non urbanizable (redacción segundo a interpretación do apartado acordada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do día 06.04.2000):

“3.9.5. Condicións de planeamento de desenvolvemento no distrito periférico.

Indicadores para a formación de plans especiais de reforma interior

ou mellora do medio:

Para establecer-la necesidade de formación de Plans Especiais de Reforma Interior nos núcleos rurais, cualificados como urbanos, fíxase o seguinte indicador que a continuación se relaciona coa situación de inicio que se indica:

a) número de licencias concedidas e executadas ou en execución para a edificación principal dende a entrada en vigor do plan xeral, maior do 15% do número de vivendas no núcleo á aprobación do PXOU sen que nestas se computen as concedidas ó abeiro do desenvolvemento dunha unidade de actuación ou PERI delimitado polo Plan no ámbito do núcleo.

Para establece-la necesidade de formación dun Plan Especial de Mellora do Medio nos núcleos rurais en solo non urbanizable, fíxase o seguinte indicador que a continuación se relaciona na situación de inicio que se indica:

a) número de licencias concedidas e executadas ou en execución para a edificación principal, dende a entrada en vigor do PXOU, maior do 10% do número de vivendas no núcleo á aprobación do PXOU.

E en ámbolos dous casos:

b) Corroboración de problemas sanitarios de riscos de contaminación de augas superficiais, mananciais, pozos ou augas subterráneas.

Cando calquera dos indicadores relacionados alcancen as situacións de inicio que se indican, será recomendable proceder á formación dun Plan Especial de Reforma Interior ou Mellora do Medio coa finalidades establecida no art. 19.3 da LASGA.

A concorrencia dos dous indicadores por encima desta situación de inicio, determina a necesidade de formación inmediata dos devanditos plans, procedéndose polo Concello á adopción do acordo correspondente.”

En base a esta regulación, viñéronse adoptando polo Concello diversos acordos relativos á iniciación do procedemento para a formulación de PEMM, PERI ou Prox. Urbanización, coa preceptiva suspensión de licenzas nos seus respectivos ámbitos.

A clasificación do solo asignada no PXOM 2008 para a establecemento do réxime xurídico correspondente recoñeceu o carácter de moitos destes solos como solos urbanos consolidados, isto é, terreos integrados na malla urbana existente

que ben contaban con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas e con características axeitadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan, ou ben que carecendo dalgúns destes servizos, estaban comprendidos en áreas ocupadas pola edificación polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para elas segundo a ordenación establecida.

Ademais, a ordenación establecida polo PXOM 2008 na maior parte da superficie destes ámbitos mantiña o uso xeral residencial familiar e non prevía procesos de reforma interior ou renovación urbana nin a creación de dotacións urbanísticas ou equipamentos comunitarios que implicaran a necesidade dunha nova ordenación ou a necesidade de delimitar unha área sometida a un planeamento de desenvolvemento.

Á vista do anteriormente exposto, amósase que o desenvolvemento urbanístico dos distritos central e periférico durante a vixencia do PXOU 93, as melloras implementadas nas redes de subministro dos servizos polas empresas respectivas (abastecemento, saneamento e enerxía eléctrica entre outros) e as repercusións dos 7 anos de vixencia do PXOM 2008 (anulado xudicialmente no ano 2015), deron lugar a que a maior parte das parcelas incluídas nos ámbitos indicados anteriormente estean caracterizadas por contar con servizos suficientes, acceso rodado público e servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica proporcionados mediante as correspondentes redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios con características axeitadas para servir á edificación existente e permitida polo planeamento ou que poden adquirirse mediante a execución simultánea coa de edificación de obras accesorias. Respecto á ordenación prevista polo planeamento vixente e polo planeamento anulado, o uso característico nestes ámbitos mantívose como residencial familiar.

A problemática suscitada pola aplicación das determinacións do PXOU 93 en base a os estándares establecidos na LASGA e xa superados produce efectos directos indesexables no ámbito privado e, con maior importancia, no interese público da renovación urbana, polo que convén evitar as distorsións producidas.

Non parece moi acorde ao principio de seguridade xurídica que o exercicio dun dereito fundamental quede suspendido, en canto á determinación do seu contido, "incertus quando". E menos aínda cando a clasificación dun solo como urbano é unha determinación legal, sen marxe algunha para o planificador, regulada polo lexislador e definitiva do contido do dereito de propiedade dos solos aos que se refire. O feito de que o planeamento declarado nulo outorgue esta clasificación supón a constatación dunha situación fáctica que en nada cambia polo feito da posterior declaración de nulidade do planeamento que a contempla, obrigando á adecuación do novamente vixente á devandita realidade. O que, na súa consecuencia, determina agora a procedencia do levantamento da suspensión acordada no seu día.

En base a estas circunstancias, xunto coa valoración do tempo necesario para a redacción e aprobación do instrumento de Revisión do PXOM, remítese petición expresa de informes técnicos e xurídicos á oficina de Licenzas Urbanísticas co obxecto de declarar extinguida a suspensión de licenzas no solo urbano dos núcleos rurais clasificados conforme ao vixente PXOU 93. “

II.-En data 27/04/2017 a arquitecta municipal informa:

“Segundo a documentación dispoñible na Oficina Técnica de Licenzas, os núcleos situados no distrito periférico nos que se acordou a suspensión de licenzas para a formulación dun Plan Especial de Mellora do Medio, Plan Especial de Reforma Interior ou proxectos de Urbanización foron os seguintes:

NÚCLEO	EXPTE.	DATA SUSP.	2º ACORDO	ORG. ACORDO	ACORDO	DATA BOP	DATA DOG
01.02 CARREGAL C	6288/411, 6257/411	15/02/01		Consello	PERI	19/04/01	02/05/01
01.04 VIÑAGRANDE.C	6018/411	14/09/00		Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
01.05.ARGAZADA.C	6229/411	12/03/96	19/10/00	Consello	P.URB.	29/04/96	
02.04.GANDARA.C	6311/411	23/12/95	26/04/01	Consello	PERI	12/02/96	20/06/01
02.07. C BABIO.C	6020/411	14/09/00		Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
02.13.PENA.C.SNU	6306/411	23/12/95	15/12/00	Consello	PEMN	31/01/01	16/02/01
02.19 C BABIO 2.C	5962/411	05/07/96	14/09/00	Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
03.21.CHANS.C	6036/411	05/10/00		Consello	PEMN		01/12/00
04.29.CALVARIO-BORRALINOS.C.SNU	6040/411	14/09/00		Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
06.02.MONTE MACAL.C.SNU	6308/411	15/05/95		Pleno	PEMN	15/05/95	
08.02 MOLANS.C.SNU	6042/411	14/09/00		Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
08.05.LUZ.C.SNU	4127/411	30/08/96		Pleno	PEMN	27/09/96	
08.07.BOUZOS.C.SNU		05/09/96		Pleno	PEMN	13/09/96	
08.11.SAN LORENZO.C	6304/411	15/02/01		Consello	PEMN	19/04/01	02/05/01
09.10.SABAXANS.C.SNU	6310/411	23/12/95			PEMN	12/02/96	
10.02.MOO.C.SNU	6043/411	14/09/00		Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
18.01.SAN XOAN.C	6046/411	08/10/99	19/10/00	Consello	PEMN		01/12/00
18.06.SEIXO.C.SNU		31/03/95		Pleno	PEMN	12/05/95	
18.12.BARROCAS.C	6025/411	14/09/00		Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
19.02 CIDANS C.SNU	6049/411	14/09/00		Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
19.06.VILAVERDE.C.SNU	6050/411	14/09/00		Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00

Ademais, nos seguintes núcleos do solo urbano tamén foi acordada a iniciación do procedemento de formulación de plans especiais:

NÚCLEOS SOLO URBANO	EXPTE.	DATA SUSP.	ORG. ACORDO	ACORDO	DATA BOP	DATA DOG
02.02.SAA.D	6019/411	14/09/00	Consello	PEMN	18/10/00	02/11/00
12.01.ESTOMADA.D	6288/411	15/02/01	Consello	PERI	19/04/01	02/05/01
12.06 HERMIDA.D	6597/411	24/05/01	Consello	PEMN	12/09/01	27/09/01

A relación completa de núcleos nos que actualmente están suspendidas as licenzas é a seguinte:

NÚCLEO
01.02.CARREGAL.C
01.04.VIÑAGRANDE.C
01.05.ARGAZADA.C
02.02.SAA.D
02.04.GANDARA.C
02.07.C.BABIO.C
02.13.PENA.C.SNU
02.19.C.BABIO.2.C
03.21.CHANS.C
04.29.CALVARIO-BORRALINOS.C.SNU
06.02.MONTE.MACAL.C.SNU
08.02.MOLANS.C.SNU
08.05.LUZ.C.SNU
08.07.BOUZOS.C.SNU
08.11.SAN.LOURENZO.C
09.10.SABAXANS.C.SNU
10.02.MOO.C.SNU
12.01.ESTOMADA.D
12.06.HERMIDA.D
18.01.SAN.XOAN.C
18.06.SEIXO.C.SNU
18.12.BARROCAS.C
19.02.CIDANS.C.SNU
19.06.VILAVERDE.C.SNU

Non consta nesta oficina a relación de parcelas, situadas nestes núcleos, que foran clasificadas polo PXOM08 como solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural NR-1º, nas que se acreditara que están integradas na malla urbana e/ou que contan cos accesos e servizos urbanísticos requiridos en condicións suficientes e con características axeitadas para servir á edificación, ou que poden adquirirse mediante a execución de obras accesorias simultáneas coas de edificación, e nas que non sexan necesarias actuacións de carácter integral, procesos de reforma interior, renovación urbana nin creación de dotacións urbanísticas ou equipamentos comunitarios. Polo tanto, a xuízo da técnica que subscribe, a súa identificación debería realizarse caso a caso.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Actuación proposta:

Segundo o informe do Xerente da Xerencia de Urbanismo de data 26/04/2017 que forma parte do expediente administrativo 92223/421, as melloras implantadas nas redes de subministro dos servizos polas empresas respectivas (abastecemento, saneamento e enerxía eléctrica entre outros) e as repercusións dos 7 anos de vixencia do PXOM 2008 (anulado xudicialmente no ano 2015), deron lugar a que a maior parte das parcelas incluídas nos ámbitos indicados estean caracterizados por contar con servizos suficientes, acceso rodado público e servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, polo que os estándares establecidos na LASGA xa foron superados na maioría das parcelas.

Propónse a tramitación de expediente de alzamento da suspensión dos núcleos rurais detallados no informe da arquitecta municipal de data 27/04/2017 (transcrito no punto II dos antecedentes da presente resolución) polos motivos expresados no parágrafo anterior.

II. Procedemento

Segundo os informes xurídico e técnico habidos no expediente, e de acordo co establecido no artigo 3º apartado 3 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo publicados no BOP nº193 de 6 de outubro de 2010 que establece que son atribucións e funcións reservadas ao Concello de Vigo a aprobación dos instrumentos de Xestión Urbanística e os de Urbanización.

O presente procedemento tramítase segundo a lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986 así coma o establecido na lei 39/2015 de 1 de Outubro de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

III. Competencia

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos, e co artigo 10º punto 1c) dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo publicados no BOP nº193 do 6 de Outubro de 2010 correspóndelle ao Consello da Xerencia elevar ao Pleno ou a Xunta de Goberno Local as propostas de resolución das seguintes materias: *“C). Suspensión facultativa de licenzas con ocasión de estudo, formación modificación ou no seu caso revisión do planeamento”*.

A competencia para adoptar o presente acordo correspóndelle ao Pleno segundo o art 123.1 da lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN...”

Polo anteriormente exposto o informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do día 4 de maio de 2017, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Como ben saben vostedes unha das consecuencias da nulidade do Plan Xeral do ano 2008 e a volta ao Plan de ordenación urbana do ano 1993, en dito plan de ordenación urbana existía delimitación duns núcleos rurais que en moitos casos tiñan sobrepasados os estándares máximos para conceder licencias, de tal xeito que o Pleno do Concello de Vigo acordou a suspensión de licencias neses ámbitos de núcleos rurais, agora ben, a propia elaboración do Plan do 2008 puxo enriba da mesa a existencia de características distintas nese solo, de tal xeito que na maioría dos casos ese solo xa estaba recoñecido como solo de núcleo urbano, solo que estaba integrado na malla urbana, solo que tiña acceso rodado público, abastecemento de auga, evacuación de augas residencias e de enerxía eléctrica, por ese motivo moitos de eses solos cualificados no Plan do 1993 como núcleos rurais, no Plan do ano 2008 foron clasificados como solo urbano consolidado e polo tanto, tiñan as condicións para poder edificar. A nulidade do Plan que volve a traernos o Plan do 93 volve a establecer polo tanto as limitacións de estándares máximos para poder edificar neses núcleos. Sen embargo, a clasificación de solo como solo urbano consolidado non é unha clasificación que sexa negociable, é unha característica singular do solo, polo tanto, se os servizos existen as características do solo son as necesarias para poder edificar neles, polo tanto, dado que esta é unha característica intrínseca do propio solo se non unha propia cuestión que se poida decidir nun momento determinado se se valora dun xeito ou doutro, entendemos que é o momento de levantar esta suspensión, unha suspensión que afecta a 24 núcleos no Concello de Vigo, unha suspensión que non garante de xeito automático que se poida construír, senón o que ven a garantir é que aqueles que estaban nas condicións de estar nun solar, pois van poder construír a súa residencia. Isto afecta a bastantes cidadáns que non só que xa solicitaran unha licenza ou unha acta de liña rasante cando se viron afectados pola anulación do Plan, senón aqueles que lexitimamente tomaron a decisión de mercar un terreo, de lexitimamente facer as contas da súa vida, incluso ás veces poder vender a vivenda na que estaban residindo pensando en construír unha

vivenda nova nun antigo núcleo do ano 1993 e que agora non poden edificar a súa vivenda.

Entendemos de é máis aló do que o Concello vai a utilizar a vía de ordenación provisional para resolver os problemas que afectan ao solo urbano consolidado especialmente, tamén entendemos que esta é unha vía ademais máis rápida porque nos permite actuar de xeito inmediato a partires desta aprobación para todos aqueles casos que como digo, teñen xa as características de solo urbano consolidado, polo tanto, contan con tódolos servizos, estaban recoñecidos como tales no Plan do ano 2008 e polo tanto, caso a caso, acreditando que eses servizos existen, poidan outorgarse ou facilitarse a concesión de licencias neses ámbitos, obviamente previo recoñecemento da dotación necesaria dos servizos que así atestigüen que ten a condición de solar, e polo tanto, que se pode construír.

En calquera caso, aprobada esta resolución se este Pleno así o considera, dado que ademais no Consello da Xerencia de Urbanismo este punto foi aprobado por unanimidade por tódolos grupos, entenderíamos que deberíamos facer unha revisión de oficio e ademais de tódalas actas de liña rasante concedidas no último ano e pico, para que todos aqueles cidadáns que estean en condicións de poder edificar sen necesidade de que eles así o soliciten xa lles informemos de que estaríamos en condicións de levantada esta suspensión, poder edificar neste ámbitos. Polo tanto, esperamos o apoio de tódolos grupos para esta iniciativa que ven a facilitar o acceso a vivenda, só falamos de vivendas unifamiliares, poda habilitar o acceso a vivenda nos cualificados como núcleos rurais no Plan do ano 1993.

SR. PÉREZ CORREA: Para nós unha boa nova, isto foi reclamado tanto na Xerencia como nalgunha exposición que fixemos neste Pleno e que podería ser unha solución intermedia como digo, como tódalas solucións que se están a facer para o Planeamento nesta cidade que é a maior parte delas están indo con conta gotas pero dende logo é unha boa solución para esas familias que se quedaron precisamente como dicía a concelleira, atrapadas no limbo da anulación do Plan Xeral, parécenos que chega tarde porque un ano para unha cuestión tan sinxela que aínda queda un trámite que é saber se eses ámbitos realmente teñen eses servizos, nós entendemos que si, a maior parte dos PERIS que se incorporaron no

Planeamento do 2008 e dende o ano 1990, 1991, 1992 e 1993 practicamente todos eses terreos teñen o nivel de servizos que polo tanto non farían necesarios nin sequera a existencia deses PERIS, nós pensamos que hai que eliminalos, todo o planeamento incorporado que non se desenvolvera en 25 anos non ten sentido que siga figurando na transposición de plans xerais e polo tanto, para nós si que é unha boa nova, dicimos que chega tarde porque foi hai un ano exacto cando a Xunta de Galicia a través dunha comunicación, neste caso á Xerencia de Urbanismo, dixo que era competencia do Concello eliminar eses cupos, a pregunta está ben facela pero a Xunta de Galicia xa resolveu hai un ano e a carta así o dicía que en consecuencia no marco competencial establecido, corresponde á administración municipal pronunciarse sobre os criterios de aplicación do seu propio Plan Xeral, eles mesmos dicían que era o Concello o que tiña que ter eliminado os cupos e dende logo un ano despois para facer un informe xurídico, para facer esta proposta nos parece que chega tarde porque sobre todo porque son familias as que quedaron atrapadas durante un ano e foron sistematicamente sendo mareadas na Xerencia de Urbanismo a efecto de dicirlles se realmente se ían eliminar eses cupos, nós nalgunha ocasión tamén preguntamos por eles e sobre todo polo que significaba a complexidade dos núcleos rurais que temos tamén nós dentro do noso planeamento e as solucións que lles quedaban moitas veces que era practicamente desenvolver un plan especial no núcleo rural que ten unha complexidade polo menos para un particular, non tanto neste caso para unha promotora. Para nós é unha boa nova que estes cupos se eliminen e que como dicimos que se poña luz sobre determinadas incorporacións que se fan ao planeamento, estamos a falar dunha serie de PERIS e plans especiais de reforma interior que nós pensamos que hai que ir vendo se despois de 20 anos contidos no planeamento urbanístico se non se desenvolven pois polo menos que as familias que queren facer proxectos urbanísticos sinxelos, unha familia que ten un terreo que quere que o seu fillo ou un familiar edifique nese terreo que durante moitos anos seguen estando atrapados nos malditos PERIS que somos incapaces de desenvolver, e que se nalgún momento tiñan algún sentido porque non tiña un nivel de desenvolvemento urbanístico, de servizos, dende logo xa non é así porque a maior parte deses PERIS como ben dicía a concelleira, están dentro da malla urbana, polo menos teñen un nivel de servizos que aconsellarían que polo menos

cambiamos esa herdanza envelenada do Planeamento de 1993 que non ten ningún sentido. Para nós unha boa nova, imos votar por suposto a favor, pero que tamén sirva para reformular ese planeamento incorporado que non sabemos polo menos, este grupo municipal descoñece se no proceso de redacción do novo Plan se queren incorporar tamén algúns deste ámbitos en forma de PERIS que pensamos que están superados pola vía da actualidade a pola vía da realidade urbanística desta cidade no 2017, polo tanto é unha boa nova pero dende maio do ano pasado onde a Xunta de Galicia ponnos a pelota no noso tellado para que resolvamos a cuestión dos cupos, poderíamos ter aforrado un ano de angustia a moitas familias e poder levar adiante isto con maior celeridade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ : Nós tamén imos apoiar este punto da orde do día, esta extinción da suspensión de licencias pero tamén parécenos que chega tarde que é unha nova mostra do lento que vai este goberno municipal e en particular do lento que vai o urbanismo nesta cidade porque efectivamente esta declaración que hoxe se trae a Pleno podía xa traerse hai un ano, non entendemos o motivo do atraso, supostamente xa había dado o visto bo a Xunta de Galicia como dicía anteriormente e polo tanto non entendemos porque se tarda un ano e se ten un ano ás familias nesa situación de incertidume, alégrame en calquera caso escoitar á concelleira de urbanismo falar de que teñen moita preocupación polo estado no que se atopan as familias e para axudarlles a poder facer o seu proxecto de vida, porque non só as familias afectadas por este expediente que hoxe traen a Pleno teñen afectado o seu proxecto de vida, hai moitas outras familias que tamén teñen afectado o seu proxecto de vida pola situación que hai do urbanismo nesta cidade e sinceramente parece que o último que se preocupa por esa situación de urbanismo é este goberno municipal, o Alcalde de Vigo e dende logo é a concelleira de urbanismo. Porque hai cousas importantes que nos lembra este expediente, e hai cousas importantes que nos trae á memoria porque veñen escritas no expediente e é que o 10 de novembro do ano 2015 anulouse o Plan Xeral nesta cidade, eu pediría un pouco de respecto para comezar o Sr. Alcalde que me está a interromper na miña intervención, eu creo que escoitei con respecto a intervención de tódolos grupos.

O 10 de novembro do ano 2015 anulouse o Plan Xeral, dende o 10 de novembro do

ano 2015 que pasaron case 600 días e non sabemos nada do novo Plan Xeral, dende a Xerencia de Urbanismo, dende o goberno municipal non foron capaces de darnos unha folla de ruta, apareceron con invencións e con solucións imaxinativas no ámbito de urbanismo que non servían e a realidade é que a día de hoxe estamos no Plan de 1993, como dicía a propia concelleira de urbanismo, é dicir, un Plan de hai 24 anos, estamos co urbanismo socialista da Sra. Villarino e creo que isto merece unha reflexión, probablemente non sei se é amiga, inimiga nesas batallas que teñen vostedes no Partido Socialista, pero dende logo esa é a realidade, un plan de 24 anos o Plan Xeral de Urbanismo, o urbanismo do Partido Socialista do Sr. Príncipe e da Sra. Villarino. E esta é a realidade, e a realidade é que esta cidade está na UCI e non está morto gracias a dúas normas da Xunta de Galicia, por certo, antes de que a señora concelleira non resista a tentación de dicir que se anulou o Plan Xeral por culpa da Xunta de Galicia, lembrarlle que era a Xunta de Galicia na que ela era conselleira, non vaia ser que se esqueza que quen estaba ao fronte na Xunta de Galicia e quen fixo mal as cousas na Xunta de Galicia que non foi outro que o Partido Socialista e aquí o estamos a pagar nesta cidade e o estamos a pagar día si e día tamén cando vemos a un goberno que é incapaz non xa de quitar un Plan Xeral, non pedimos tanto, o que pedimos que nos digan que Plan teñen, que prazos, non nos digan agora os prazos que lles puxo a Xunta de Galicia na Lei de Medidas, non, uns prazos razoables, imos ter neste lexislatura Plan Xeral ou non porque non lle interesa a este goberno por motivos políticos? Esas son as cuestións que eu creo que son importantes e que habería que traer a este Pleno e que nos gustaría estudar, escoitar do goberno municipal neste Pleno e non empezar a culpar que se a Xunta de Galicia, que se o goberno de España, en fin, a todos menos facer autocrítica e o que lle corresponde a un goberno que é gobernar, tomar decisións e animar a que se invista na cidade e animar a que as familias teñan un proxecto de futuro.

Polo tanto, imos votar evidentemente a favor deste punto, xa era hora, máis vale tarde que nunca como di o dito, pero dende logo queremos moito máis, queremos un urbanismo vivo, queremos un goberno que traballe polo urbanismo desta cidade, que se preocupe en facer un novo Plan Xeral e que deixe de culpar a outros e mirar a outros e se preocupe máis de facer os seus deberes que son moitos e que a día de hoxe o marcador deste goberno está a cero.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu antes de nada, dar as gracias polo apoio a esta iniciativa que creo que é boa para Vigo, boa para os veciños/as de Vigo.

Respecto ás cuestións valorativas que fixeron os intervenientes neste punto a verdade é que eu non deixo de sorprendeme Sra. Muñoz, eu só lle vou ler as declaracións da señora conselleira de Medio Ambiente e territorio desta semana, “Mato contrapone la parálisis urbanística de A Coruña coa actividade en Vigo, aunque las comparaciones son odiosas que miren a Vigo, asegura la conselleira y próxima candidata del Partido Popular a la Alcaldía Herculina”, cando menos sorprendente, igual de sorprendente Sra. Muñoz que a Xunta de Galicia decidira por criterios estritamente políticos eliminar a vía de solventar o problema da anulación do Plan Xeral de Vigo establecido polo profesor catedrático de Dereito o Sr. Luciano Parejo, sabe vostedes que o Sr. Luciano Parejo está invitado a unhas conferencias da Xunta de Galicia, a unhas xornadas do Instituto de Territorio como experto en Urbanismo, en disciplina urbanística, en aplicación das normas urbanísticas, cando menos sorprendente que esa mesma persoa que lle invitan para dar unhas conferencias porque é o maior experto en urbanismo que hai en España, decidiran votar atrás a vía que estableceu para salvar o Plan de Urbanismo de Vigo, e dende Vigo estamos intentando utilizar tódalas vías posibles, a ordenación provisional, si claro, aínda non temos resposta pero fomos o primeiro concello que intentou achegar información para adscribirse a esta vía, sabe canto tempo tardou a Xunta de Galicia en contestarnos a nosa proposta de cofinanciación do Plan Xeral? Cinco meses para escribir unha carta, pareceralle a vostede sorprendente, a min cando menos si, agora xa teñen o borrador dun convenio esperemos que non tarden cinco meses en contestarnos se o borrador de convenio, lle serve ou non lle serve para o cofinanciamento do Plan Xeral de Vigo, e como sabe, dende o Concello de Vigo con medios propios fixemos moitas cousas ao longo deste ano, e entre outras facer o documento, estratexia do borrador e ademais documento inicial estratéxico que se non non cambiaran vostedes o regulamento xa podería estar aprobado, ademais fixemos, como non, acollernos a todas aquelas iniciativas que para proxectos públicos ou de iniciativa pública de interese xeral e urxentes, foran imprescindibles para a cidade, tamén para Citroën a pesares da negativa dalgúns, nós cremos que esa instalación era absolutamente

imprescindible, como o cremos para estación ou para a ampliación do IFEVI ou para moitos outros proxectos que están enriba da mesa. Polo tanto, tódalas vías que nos permite establecer a lexislación e continuamos polo mesmo camiño, axilizando o máximo posible como hoxe aquí con esta iniciativa a solución dos problemas de Vigo.

(No momento da votación atópase ausente o Sr. Pardo Espiñeira).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1.- Declarar o alzamento da suspensión de licenzas (acordada nas datas reflectidas na táboa contida no punto II dos antecedentes da presente resolución), nos núcleos que a continuación se detallan:

NÚCLEO
01.02 CARREGAL C
01.04 VIÑAGRANDE.C
01.05.ARGAZADA.C
02.02.SAA.D
02.04.GANDARA.C
02.07. C BABIO.C
02.13.PENA.C.SNU
02.19 C BABIO 2.C
03.21.CHANS.C
04.29 CALVARIO-BORRALINOS.C.SNU
06.02.MONTE MACAL.C.SNU
08.02 MOLANS.C.SNU
08.05.LUZ.C.SNU
08.07.BOUZOS.C.SNU
08.11.SAN LORENZO.C
09.10.SABAXANS.C.SNU
10.02.MOO.C.SNU
12.01.ESTOMADA.D
12.06 HERMIDA.D
18.01.SAN XOAN.C
18.06.SEIXO.C.SNU

18.12.BARROCAS.C
19.02.CIDANS.C.SNU
19.06.VILAVERDE.C.SNU

2.- O levantamento da suspensión de licenzas declararase para as parcelas situadas nos núcleos indicados no punto 1 do resolvo, nas que se acredite que contan cos servizos urbanísticos requiridos en condicións suficientes e con características axeitadas para servir á edificación e nas que non sexan necesarias procesos de reforma interior, renovación urbana nin creación de dotacións urbanísticas ou equipamentos comunitarios, polo que xa tiñan recoñecida a condición de solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural NR-1º no PXOM2008.

O devandito levantamento da suspensión non implica a conversión en solar das parcelas incluídas nos referidos núcleos, polo que deberá acreditarse tal circunstancia conforme o descrito no punto 3.

3.- A acreditación do cumprimento das condicións anteriores recoñecerase na acta de liña e rasante emitida polos servizos técnicos da oficina de Urbanización e Infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

3(78).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REDUCIR Á METADE O PREZO DAS ESCOLAS INFANTÍS DA REDE AUTONÓMICA PARA QUE SE SITÚEN ASÍ AO NIVEL DAS MUNICIPAIS. REXISTRO PLENO 1562/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de maio de 2017, número 1562/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A conciliación da vida persoal, familiar e laboral constitúe unha problemática complexa e un dos recursos para facilitala é a oferta de prazas nas escolas infantís, nas que se preste unha atención de calidade aos nenos e nenas da nosa cidade con prezos accesibles para as familias.

A situación económica destes anos incrementa a demanda de prazas públicas, e pese a aposta do goberno de Abel Caballero polo aumento da oferta coa creación, nos derradeiros cinco anos, das novas escolas infantís de Tomás Alonso, Navia, Bouzas e Mestres Goldar, que se suman as de Santa Cristina, Atalaia, Santa Marta e Saiáns, aínda resultan insuficientes.

As prazas das escolas infantís da Xunta na nosa cidade verán, para o próximo curso, incrementado o seu prezo nun 3,2%, podendo chegar a pagar os usuarios ata 243 euros mensuais.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo, propoñemos o seguinte:

ACORDO:

-Instar á Xunta de Galicia a reducir a metade o prezo das escolas infantís da rede autonómica para que se sitúen así ao nivel das municipais.”

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Para moitas familias buscar garderías é unha das súas principais preocupacións incluso dende o momento do embarazo, que dúbida cabe que á hora de elixir o centro onde matricular ao fillo/a o prezo é un dos factores que máis pode influír nesa decisión, o aluguer, a luz, o cueiros, os biberóns, a gasolina do coche para ir traballar, a comida, os gastos dos nenos maiores se hai, as contas non saen porque a realidade actual e que case a metade dos traballadores/as gañan menos de 1.000 euros ao mes, case a metade e tendo en conta esa realidade, este goberno co Sr. Abel Caballero, mantén practicamente conxeladas as taxas das garderías municipais dende que el chegou á Alcaldía e preto da metade dos usuarios están exentos de pago, mentres tanto as garderías da Xunta de Galicia para o próximo curso soben de prezo, un 3,2%, a verdade é que é difícil de entender cando son vostedes os do Partido Popular os que falan de non subirlle os prezos aos vigueses, pero soben un 3,2%, tendo en conta que aínda que non subiron nos 2 anos anteriores, subiron no 2012 un 19,2%, non 2013 un

2,2%, no 2014 un 0,3%. O Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Sr. Alfonso Rueda, comezou esta ano anunciando o primeiro plan galego de conciliación e corresponsabilidade nesta lexislatura para conciliar a vida persoal, familiar e laboral pero nos Orzamentos do 2017 só se destinan un 1,2 millóns de euros, nove anos antes ese programa de apoio á conciliación contaba con 5,7 millóns, agora case 5 veces menos, pero sigamos falando da realidade, segundo un estudo actual dun sindicato do total das persoas que nin teñen nin buscan traballo por ter coidar de menores, persoas adultas enfermas ou con discapacidade, o 92,16% son mulleres, do total das persoas traballadoras que teñen un contrato a tempo parcial por ter que coidar de menores, persoas maiores ou ter que atender a outro tipo de responsabilidades familiares, máis dun 94% son mulleres, pero é que do total das mulleres que teñen un contrato a tempo parcial o 74,8% téñeno por non atopar un a tempo completo, é dicir, involuntariamente. E con estes datos, a Xunta de Galicia destina 7 millóns ao programa de Accións para a igualdade, protección e promoción da muller, ese programa 9 anos antes contaba con 16,2 millóns de euros, agora menos da metade.

Ou a solución son medidas como as tomadas hai poucos días anunciando a axudas entre 1.700 e 3.700 euros para homes que reduzan a xornada laboral para o coidado dos seus fillos? Seguimos precarizando o emprego? Estudos, estudosos e institucións de todo tipo insisten dende hai anos na importancia desta etapa de cero a tres anos tanto dende o punto de vista social para a concialización a economía e ao final a natalidade que en España é a das máis baixas de Europa, como dende o punto de vista educativo, de igualdade de oportunidades e atención temperá. A natalidade, un gran tema, o Sr. Feijóo para promover a natalidade ten a Tarxeta Benvida, paga 1.200 euros por cada recién nacido, non sería mellor fomentar o emprego e a estabilidade? Teríamos que pensalo porque fomentar o emprego e a estabilidade entre quen? Porque moita da xuventude do noso país, os posibles pais e nais de garderías tiveron que emigrar, fuxiron do país europeo coa maior taxa de desemprego xuvenil, con permiso de Grecia, unha xeración que tivo e que ten que buscar a vida fora do seu país, coa perda de poboación que iso representa e ao redor do 80% dos seus titulados universitarios tiveron que marchar, gastamos na súa formación e logo deixámoslos ir, pero non como dixo o ministro de Asuntos Exteriores porque irse fora enriquece, nin porque van traballar

porque unha mostra de inquietude ou amplitude de miras, non señor ministro, non, ou falamos desa outra xuventude que quedou no noso país como becaria, segundo un informe elaborado pola Comisión Europea o 58% dos becarios non reciben ningún tipo de remuneración, son eles os que poden formar unha familia? Son eles os que poden pagar unha gardería? Empecen por algo fácil, baixando as taxas das garderías autonómicas.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Señores/as do Partido Socialista estamos de acordo en que a conciliación laboral e familiar neste país resulta problemática e complexa e tanto que o é, e tamén estamos de acordo en que un dos recursos para facilitala é que as escolas infantís estean ao alcance de todos/as.

Se nos guiamos polo que na Marea de Vigo pensa respecto ao tema, igual votaríamos en contra desta moción e non porque nos pareza ben o que está a facer o Partido Popular coa educación nin co prezo que deben pagar as crianzas que utilizan as escolas infantís nin moito menos, o que pasa é que tampouco estamos de acordo con que ningunha familia teña que pagar nada pola educación das súas fillas/os, pois consideramos que a educación en calquera etapa do ciclo educativo debe ser un dereito porque non queremos un sistema educativo mesmo do momento do nacemento que estea inspirado no mercado, señores/as do Partido Socialista xa sabemos que vostedes non gobernan no estado nin tampouco no país, e que non poden facer miragres coas leis e decretos do Partido Popular que nos ven impoñendo nos últimos anos, máis xa que están pedindo melloras estaría ben que puxeran o nivel un pouco máis alto.

Se se fan chamar socialistas ben poderían solicitar que toda educación dende os cero anos e o que abrangue toda a vida educativa ata a universidade fose gratuíta e cando dicimos gratuíta non quere dicir que non haxa que pagala pois todos sabemos que hai que pagar pero que se faga por medio de impostos, que paguen máis quen máis ten e así nos poidamos beneficiar todos/as de algo que tería que ser público universal e gratuíta, igual que a sanidade, vivenda, que os servizos básicos para a vida, xa vai sendo hora de reivindicar este tipo de melloras, evidentemente iso non o vai ter en conta o Partido Popular pero vostedes, a xente do Partido Socialista deberían de telo como un dos obxectivos a cumprir, máis non se escoitan por ningures ese tipo de melloras tan drásticas.

Hai moitas familias que dependen enteiraamente da vontade dos avós/as para quitar ás criaturas adiante e que non lle chegan os salarios dos dous compoñentes da parella para poder pagar unha gardería e xa non é só os cartos e que non dispoñen de tempo suficiente para poder estar coas súas fillas/os. Señores/as do Partido Socialista, vostedes coma nós saben que hai cartos, saben que nunca houbo tantos cartos e saben que a fenda é abismal entre ricos e pobres e a fenda é abismal como ben dixo a concelleira dende a precariedade entre homes e mulleres. O Decreto do 4 de xuño do 2009, sobre educación infantil en Galicia di que as administracións competentes procurarán que haxa unha oferta suficiente de prazas no primeiro ciclo e garantirá a mesma no segundo, é dicir, procurarán, eu non sei se procuran ou non procuran pero dende logo cumprir non cumpren, non pidan esmola, nin caridade, nin beneficencia, vostedes tamén para as clases máis desfavorecidas como acostuma a facer o Partido Popular, procurando garantir unha oferta suficiente e se non se garante pois xa veremos, os ricos poderán acceder que son os que menos o precisan e os pobres quedarán na casa, como sempre, nin esmola, nin caridade, nin beneficencia, é hora de esixir e tamén dar cando se ten poder para facelo, xustiza e dignidade para a cidadanía que os levou os gobernos e de non ser así, señores/as do Partido Socialista é moi posible que pouco tempo lles vai quedar nos lugares de poder que ocupan.

Por todo isto, non pidan rebaixar as cotas das escolas infantís aos prezos aos que os ten o Concello, como se iso fose a panacea, non insten ao goberno da Xunta de Galicia a que fagan que esas escolas sexan gratuítas e suficientes e con respecto ás que pertencen ao Concello comprométanse vostedes a distribuír os orzamentos doutro xeito para que tamén poidan selo, pois como lle dicía o noso obxectivo é que as familias non teñen que pagar nada cando as crianzas precisen ir á escola máis non lle imos votar en contra da moción, pois tamén somos conscientes de que sería un avance de que eses prezos se reduciran o máximo posible e fosen aínda que fose paseniño tendendo a desaparecer.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Esta moción que presentan dende o departamento de educación que a nós nos parece moi ben, dende a Xunta está contemplado no ámbito dos servizos sociais, precisamente pola importancia da conciliación dentro dun todo que vai ligado á axuda da crianzas dos fillos, á posible compatibilidade

cos empregos dos pais e as nais, a fomentar a natalidade tan importante nestes tempos. A liña de traballo da Xunta de Galicia no que se refire a escolas infantís é unha liña espallada por toda Galicia cunha serie de condicións e características que nunca agochou, se ben é certo que Vigo é unha cidade excepcional polas súas condicións e a súa gran poboación, non lle vou negar que se puidera facer algunha revisión concreta pero tamén é certo que o servizo que presta é bo e de calidade e está a altura das circunstancias bastante mellor que os das municipais, como tamén compartía a compañeira de Marea de Vigo. A Xunta de Galicia cumpre coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia polo que o acceso das familias ás escolas infantís realízase observando un sistema progresivo de participación no financiamento en función da renda, quedando exentas de pago as unidades familiares con insuficiencia de recursos económicos, é dicir, quen non pode pagar non paga.

O noso modelo de xestión dun goberno do Partido Popular é ese, sen agocharnos, cal é o seu? Como dicía tamén a compañeira de Marea de Vigo, porque sempre predicán coa gratuidade absoluta e non a aplican, é dicir, o socialismo de salón. Polo tanto, o que máis ten é o que máis paga e así progresivamente en descenso ata chegar a casos que pola situación de exclusión social non poden pagar e non pagan, a Xunta de Galicia ten a disposición das familias viguesas 1.588 prazas sostidas con fondos públicos pero a maiores nese Plan de conciliación, de asuntos sociais tamén facía antes alusión, sumámoslle o Bono Concilia por se non teñen praza pública para que poidan acceder a outro tipo de escola infantil. Polo tanto, ninguén queda desprotexido co Plan da Xunta de Galicia.

Se falamos da situación de Vigo, a cidade de España co billete de autobús máis e cuns impostos de municipais moi elevados, se falamos de Vigo en materia de escolas infantís non quiten tanto peito porque hai moito que mellorar, en primeiro lugar prometeron 47 escolas infantís, lembro na campaña do 2011, e para facer dúas estiveron 4 anos, que por certo, tivo que ser a administración autonómica a que lles dixera cales eran as condicións para construílas porque non cumprían os mínimos de calidade e seguridade necesarios. Das 8 escolas infantís municipais quedan 39 aínda para cumprir as promesas do Alcalde, pouco máis do 30% dos solicitantes teñen praza e temos que lembrarilles que as quendas están mal propostas porque temos un cheo total na quenda da mañá e escolas infantís

baleiras polas tardes, entón un número elevado de vacantes na quenda de tarde nese servizo, pois será que non hai demanda. Polo tanto, só Saiáns ten unha quenda continúa, non se propoñen vostedes unha mellora nesta xestión en lugar de estar pendentes do que fan os demais, que por certo, van cunha liña traballando e cumprindo as necesidades e intentando cumprir as necesidades desta cidade, e logo ese discurso afastado do que realmente fan, porque despois dos 400 nenos aceptados menos da metade son os que teñen o ano totalmente bonificado como dicía vostede, e os seus baremos son bastante máis inxustos que os que aplica a Xunta de Galicia á hora de facer as bonificacións. Teñamos en conta que na maioría dos casos a diferenza é tan só de 4 euros nunha escola infantil da Xunta de Galicia a unha municipal, hai casos moi diferenciados pero insisto, non ocultamos que as familias que máis teñen máis pagan, temos un modelo moi claro, a Marea de Vigo ten outro modelo que acaba de expoñer, que modelo teñen vostedes porque aquí están a pedir para os demais pero non teñen un sistema e aínda por enriba non funciona ben.

Polo tanto, é curioso que o Alcalde o luns visita unha escola infantil privada, parécenos bárbaro e estupendo pero podería visitar unha escola das oito escolas municipais se tanto peito quitan de que tan ben funcionan.

É curioso ademais que non saibamos como van solucionar os déficits que hai e o absurdo de ter quendas baleiras nas escolas infantís e nós dende o Partido Popular preguntámonos iso porque a liña de traballo, insisto, foi constante, sensata e sen enganar e así vai seguir, sempre adaptada ás posibilidades económicas que teña o goberno autonómico, por certo, unha das razóns do apoio do Partido Popular ás contas municipais nunha ocasión foi construír escolas infantís e só temos dúas, estamos esperando aínda polas 39 que quedan, quen tería que revisar modelos son vostedes que no seu propio partido acaban de rexeitalos, acaban de dicirlle dentro do Partido Socialista que o modelo do goberno municipal e o goberno do modelo provincial non lles vale, non é un proxecto socialista, polo tanto, preguntome eu por que será Sra. Alonso, revisen vostedes o modelo antes de estar preocupados do que pasa en fronte, que por certo as escolas infantís da Xunta de Galicia teñen un funcionamento e unha acollida sempre mellor que as escolas municipais e o que intentamos, por iso digo que a revisión puntual pode pasar, é intentar atender ás necesidades desta cidade de Vigo.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Sra. Egerique, que funcionan as escolas infantís e como funcionan non o dicimos nós, dino os usuarios, as familias usuarias e as familias usuarias din que as escolas funcionan perfectamente, a calidade é fenomenal, señora concelleira, a educación é un tema moi importante sobre todo se entendemos que a educación ten que ser un investimento e nós si que entendemos que a etapa de cero a tres anos é educativa, cousa que o Partido Popular non entende, nós si que o entendemos que é educativa. Este é un tema moi importante porque a educación ten que ser un investimento non un gasto pero cando estamos nunhas administracións que gobernan que o entenden de xeito completamente distinto é diferente. Hoxe con esta moción pedimos, por empezar por algo fácil, porque aínda que o digan o prezo é a metade, os usuarios das garderías autonómicas chegan a pagar 243 euros, un pouco máis, os usuarios das garderías municipais 124 euros, iso é a metade, non estamos a pedir máis que esa metade por pedir algo e por pedir que dunha vez consideren que esa é unha etapa educativa non unha etapa social.

O prezo si que condiciona ás familias, as competencias educativas non son do Concello Sra. Egerique, son da administración autonómica e vostede o único que fan é, como fan en tódolos temas, pasar a bola a ver se alguén a recolle é o único que fan, a ver se o Concello segue a facer os patios cubertos, segue arranxando os colexios, a ver se o Concello facendo, por que? Porque a administración competencia non o fan, pídenllo a vostedes? Non por que? Porque non nos escoitan, ese é problema, a quen llo piden, á administración que están máis preto e que si os escoita e que si está con eles, ese, e o Alcalde está en todas e fai visitas a tódolos centros porque estamos aí porque nos preocupa, pero fíxese que eu quixen ir moito máis alá, porque isto non só fala do prezo das garderías, fala de moito máis, fala dunha política que esa é a política que vostedes teñen que traballar, iso é moito máis que un simple prezo e simplemente pensar nas familias e na educación dos nenos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.05.2017 (Rex. Nº 1562/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Empezando a parte de control quería unha cuestión de orde referida á petición de comparecencia que pediu este grupo municipal de acordo co previsto no artigo 67 do Regulamento, que está regulada a posibilidade de pedir comparecencias de membros do goberno municipal, e con carácter para nós distinto da previsión que hai no artigo 62 de presentar mocións por parte dos grupos, cremos que ademais o artigo 62 distingue separadamente o que son as comparecencias do que son mocións de control, na que está limitado a este grupo municipal e se limita a tódolos grupos municipais neste caso a nós en dúas mocións e na Xunta de Voceiros se impediu que unha das mocións de control do artigo 62 se trouxera aquí ao Pleno, polo tanto, queremos presentar esta cuestión de orde, queremos que se explique en que se basea novamente porque cremos que se está limitando a labor de control dos grupos e dende logo imos recorrer esta decisión, cremos que incumpre o regulamente e limita a labor de control dos grupos.

SR. LÓPEZ FONT: É que non hai ningún desorden, na Xunta de Voceiros isto quedou suficientemente claro en canto a que tiña que ser unha moción que vostedes presentasen na parte de control e se esa moción resulta a probada terá a consecuencia da comparecencia, pero é unha interpretación do Regulamento que non se corresponde co propio texto do Regulamento e en función do que dixo vostede era o tiña que ter feito, se estaba en desacordo coa interpretación do Regulamento, interpoñer os correspondentes recursos, non como sempre vir a montar o número en segunda sesión que xa montou na Xunta de Voceiros.

PRESIDENCIA: A presidencia deste Pleno asesorada pola Secretaría do mesmo dinos que non hai cuestión de orde co cal procedemos a seguir co Pleno.

4(79).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de abril de 2017 e 25 de maio de 2017.

5(80).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de abril de 2017 e 25 de maio de 2017.

MOCIÓNS.

6(81).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REAFIRMAR O RESPALDO AO SECTOR DA ESTIBA PARA SUPERAR A INCERTEZA XERADA POLA SENTENZA DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA EN 2014, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1519/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de maio de 2017, número 1519/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O sector da estiba, formado por máis de 6.000 traballadores e traballadoras, supón unha importante actividade económica.

En 2010 levouse a cabo a reforma da Lei de Réxime Económico e de Prestación de Servizos dos Portos de Interese Xeral do Estado cun amplo apoio parlamentario, sobre a cal, a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do pasado 11 de decembro de 2014 obriga a España a levar a cabo determinadas modificacións legais e convencionais, provocando así a incerteza nas empresas portuarias e nas/os traballadoras/es do sector. A favor da solución do conflito xerado, nos últimos tres anos realizáronse numerosos encontros entre o Ministerio de Fomento ou Portos do Estado, a patronal do sector (ANESCO) e os sindicatos maioritarios da estiba.

Sendo conscientes de que a normativa que regula a relación laboral, o Real Decreto 371/1987, de 13 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento para la execución do Real Decreto-Lei 2/1986, de 23 de Maio, da estiba e desestiba, debe de ser sometida a diversas modificacións, as mesmas non poden, precisamente, acometer recortes nos dereitos laborais acadados pola traxectoria reivindicativa do sector. As reformas teñen que abordar necesariamente un avance nos mesmos, garantindo o principio de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego, sen discriminación de ningún tipo de acordo co artigo 14 da Constitución.

O pasado día 24 de febreiro, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto Lei que liberaliza o sector da estiba, quedando entón en mans do Congreso dos/as deputados/as a aprobación definitiva.

O Decreto foi rexeitado no Congreso o 16 de marzo, mais o Goberno volveu poñelo enriba da mesa atopados os apoios suficientes, e o pasado 18 de maio, despois da

aprobación no Consello de Ministros, foi aprobado no Congreso, esta vez co apoio de PNV, C's, Foro Asturias e UPN.

Dadas as nulas intencións que tivo o Goberno para respectar o compromiso do mantemento de emprego e mesmo ter en conta os resultados das negociacións entre as partes (patronal e representación sindical), acordos obviados ao non ser os desexados, xunto á posterior aprobación do RD no Congreso, cos apoios antes citados, a Marea de Vigo considera que é necesario marcar un posicionamento desde concellos como o de Vigo, nos que o sector da estiba ten unha gran relevancia, por contar cun dos portos máis importantes a nivel mundial.

E, precisamente, en momentos nos que a propia xestión do Porto está vivindo situacións nas que as súas posturas poden resultar decisivas e de gran impacto tanto na economía da cidade como nas vidas de decenas de traballadoras e traballadores.

Polo exposto, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguinte,

ACORDO

- 1.- Reafirmar o respaldo ao sector da estiba e instar ao Ministerio de Fomento, ás empresas e aos traballadores a que consensuen as medidas que permitan superar a incerteza xerada dende a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en 2014.
- 2.- Instar ao Goberno do Estado español e a Patronal da Estiba ANESCO a que na mesa de diálogo cos sectores e axentes sociais e industriais correspondentes se respecten todos os dereitos laborais conquistados polo sector ao mesmo tempo que introduza garantías para o acceso ao emprego sen discriminación de ningún tipo de acordo co artigo 14 da Constitución Española e de acordo aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
- 3.- Apoiar publicamente as mobilizacións e folgas que se convoquen no sector da estiba dentro do marco da defensa dos dereitos das e dos traballadores da estiba que se está levando a cabo a causa da situación actual.
- 4.- Instar ao Goberno do Estado español a cumprir os acordos da OIT establecidos pola convención 137.
- 5.- Dar traslado do seguinte Acordo ao Goberno do Estado Español e aos distintos grupos parlamentarios das Cortes Xerais.”

DEBATE:

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: A representación patronal e a representación sindical do sector da estiba, desenvolveron un proceso de negociación que concluíu coa

presentación dun documento denominado “bases comúns para a reforma legal do réxime da estiba no 2015”. Tras un proceso complexo de negociación entre sindicatos e patronais sendo esta negociación requirida pola anterior titular do Ministerio de Fomento, alcanzouse o acordo do 24 de xaneiro do 2017 sobre a reforma da estiba portuaria, todas as que militamos no sindicalismo de clase sabemos da dificultade das negociacións colectivas, dun lado as fortes, a patronal con todo o poder do capital do seu lado, doutro as traballadoras/es coas únicas ferramentas da organización e a solidariedade, cunha única mercadoría para o intercambio coa clase empresarial, a súa forza de traballo, que é a que produce os beneficios económicos cos que se lucra o empresario a través da plusvalía.

Resulta grotesco que tras este proceso de negociación de case dous anos culminado cun acordo e antes da ratificación do acordo pola patronal, o Ministerio de Fomento convoca aos sindicatos do sector para comunicarlles a súa decisión de presentar ao Consello de Ministros a aprobación dun Real Decreto Lei que en realidade supoñía a extinción dos contratos de traballos da totalidade dos estibadores portuarios ofrendo ás empresas a opción de abonar as correspondentes indemnizacións con cargo ao Orzamento das Autoridades Portuarias.

Sen ningunha oferta de diálogo, en febreiro do ano 2017, aprobouse o Real Decreto Lei 4/2011, a tramitación para a convalidación da citada norma concluíu co rexeitamento parlamentario da mesma, a partires deste rexeitamento prodúcese a incorporación de representantes do Ministerio de Emprego e de Fomento ás sesións de negociación baixo a presidencia do Sr. Marcos Peña Pinto, durante as cales indicouse que un acordo entre as partes habilitaba a súa incorporación a unha norma xurídica que sería aceptada pola Unión Europea como produto e consecuencia do diálogo social.

O novo proceso de negociación concluíu cun acordo entre patronal e sindicatos consistente en resumo no establecemento das bases para a modificación do convenio mediante a introdución de medidas de flexibilidade interna, condicionadas á garantía do mantemento de emprego de todo o persoal por medio da subrogación, sen embargo, por representantes do goberno rexeitan o acordo acadado polos interlocutores sociais ante o mediador, neste contexto a palabra mediador quédalle moi grande a esta xente, declara concluído o proceso e

anuncia a elaboración dun documento no que reflectiría a súa posición sobre os asuntos que consideraba controvertidos. Dende toda a perspectiva é inaceptable calquera resolución por parte do goberno, unha vez acabado un acordo polas organizacións sindicais e patronal que xa estaba axustado aos cambios esixidos pola Unión Europea. Con toda a coherencia os sindicatos comunicaron ao Sr. Marcos Peña Pintos o seu rexeitamento ao documento, pola súa parte a patronal, que sorpresa!, comunicou a aceptación do documento, o Ministerio de Fomento acepta de inmediato o documento elaborado polo Sr. Peña, en definitiva, o Consello de Ministros procedeu á aprobación dun novo Real Decreto Lei que en esencia reproduce ao anterior non convalidado, é unha infamia que o Goberno do Estado actúe en contra dos acordos acadados lexitimamente polos representantes dos traballadores e lexisle en beneficio exclusivo da patronal ofrecéndose incluso a pagar cos cartos de todos as indemnizacións por despido.

A estratexia de guerra contra a clase traballadora ponse en marcha inmediatamente, a acusación de privilexios, de ser culpables de falla de competitividade da economía, criminalización da loita obreira que xa coñecemos ben, o capital non é moi orixinal e sempre usa as súas relacións privilexiadas cos medios de masas para fomentar que a clase traballadora se enfrente entre si, profesores, funcionarios, mineiros, basureiros de Málaga, condutores de metro, transportistas, maquinistas de Renfe, estibadores, taxistas, todos/as privilexiados que hai que envexar e representantes do Estado no seus diferentes niveis administrativos que deberían protexer aos cidadáns colaborando coa acumulación de capital nas mans dunhas poucas e atacando e denigrando ás traballadoras.

Mención especial a nivel local ao presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, o Sr. Enrique López Veiga que entre moitas barbaridades chegou a afirmar que un colectivo, por moi lexítimas que sexan as súas reclamacións non teñen o dereito a paralizar Citroën, por exemplo. Non é que o Sr. López Veiga non coñeza o dereito á folga, coñéceo sobradamente, o que pasa é que actúa como o que é, un vulgar representante dos intereses do capital que ademais intenta ocultar a súa ineptitude culpando aos traballadores do descenso de tráfico de mercadorías mentres cobra suculentas nóminas, tamén é normal que cobre ben, os mercenarios do poder teñen que estar ben pagados cando actúan como voz dos seus amos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sinceramente hai cousas que non deixan de sorprendeme, e a intervención do Sr. Jácome, ten moito do que vostede dicía de vulgar, falar de que o Sr. Enrique López Veiga é un vulgar representante mercenario do poder, paréceme que esixe polo menos que retire esas palabras que son autenticamente inaceptables dun servidor público, dun funcionario público que ten unha carreira de moitos anos e sempre mirando polo interese xeral.

Vostede sabe, porque tampouco me quedou moi claro, aparte de levantar moito o puño e falar moito pero de non propoñer absolutamente nada, están vostedes botados ao monte, cada vez está a esquerda nesta país máis botada ao monte e ata parece que se soben aos árbores xa non é que baixen do monte, non me quedou moi claro se están de acordo ou desacordo, supoño que estarán en desacordo, pero reconece ao menos que houbo diálogo, que houbo moitas horas de diálogo entre patronal, sindicatos, incluso a presenza dun mediador, incluso eses partidos políticos que se sentan con vostedes como Esquerda Republicana de Cataluña, como Bildu, reconecen tamén o esforzo do goberno de España por resolver un problema porque este problema vennos de atrás, aquí non hai política, non hai ideoloxía, aquí o que hai é resolver un problema dunha Lei socialista de Portos do Estado do ano 2010, que nos trouxo unha multa de máis de 24 millóns de euros e que senón resolvemos este problema pois vainos vir unha multa diaria de máis de 137.000 euros. O que pide a Unión Europea basicamente é que se poida contratar libremente neste país, que unha empresa poida contratar libremente aos seus traballadores, ou é que vostede Sr. Jácome, que non sei se hoxe está de Podemos, de Esquerda Unida, da Marea de Vigo ou do que está, está en contra de que por exemplo no Porto de Alxeciras poida entrar a traballar a primeira muller estibadora de España, esta en contra diso? Esta vostede a favor de que Alxeciras só se contraten homes para a estiba? Vaia igualdade, iso é a democracia e a igualdade da esquerda radical deste país. Vostede está en contra por exemplo que un desempregado que leve 5 anos en paro teña a mesmas oportunidades que outra persoa que xa está dentro dese sector? Está vostede en contra, pois mire isto é o que se fixo despois de moito diálogo, de consenso, de que participaran moitos partidos políticos apoiando este Real Decreto, é simplemente cumprir co que nos pide a Unión Europea porque non se pode ser

européo para unha cousas e non ser europeo para o que non me convén.

Este é un Real Decreto que conta con tódolos traballadores actuais da estiba, porque se lles recoñece o seu traballo, porque se lle convalidan tódalas titulacións, porque o Goberno se é necesario vailles axudar para as súas prexubilacións. En definitiva, o que se pretende é que os Portos españois sexan competitivos, que non se vaian os barcos a descargar á Leixoes como está pasando, que non se vaia a Sines, que non se cree en dez anos en fronte de Alxeciras unha terminal como Tanger Med que xa vai collendo moito terreo ás nosas terminais, en definitiva, España que é a nación que máis emprego crea de Europa, que recibe máis de 75 millóns de habitantes, teña portos competitivos, iso é o que nós queremos porque a nós, aos do Partido Popular, nos elixen os cidadáns para buscar solucións, non para xerar conflitos nin para facer propaganda política.

SR. LÓPEZ FONT: Aos representantes do Partido Popular elíxenos para buscar solucións, o que pasa é que normalmente soen atopar moi malas solucións para os cidadás.

Quero manifestar en principio que estamos de acordo, basicamente, co contido desta moción e nun tema certamente importante para a competitividade do estado español e para a competitividade da economía nos portos, o que pasa é que o primeiro que hai que dicir é que se perdeu moito tempo, que veña o representante do Partido Popular alegando que isto é unha lei socialista e que se tardou, é que lle corresponde ao seu goberno, se é que o goberno do Sr. Rajoy este tema o tiña dende que chegou, non o abordou, non quixo negociar, si só cando despexou as dúbidas electorais púxose a traballar sobre este tema, e quero deixar claro por algunha alusión que o Partido Socialista, e díxoo no Parlamento, defende a execución da sentenza porque efectivamente somos europeos para todos, agora iso si Sr. Fidalgo me imaxino que o Sr. Jácome defenderá a súa posición, o que vostede e logo voume referir, non garantiron son os postos de traballo, non faga xogos de palabras con que estamos a favor, que imos axudar a prexubilacións, na segunda votación no Congreso dos Deputados a liña divisoria estaba no mantemento de postos de traballo e vostede isto e non o pode demostrar aquí, non o garantiron, e esta é a nosa prioridade, é o apoio aos traballadores, é o mantemento dos postos de traballo que vostedes non o fixeron e isto só se

consegue coa negociación, non vale dicir que negociamos, que estivemos moitas horas e que somos moi democráticos e moi abertos, mídese polos resultados e polos resultados cando hai un problema de que determinados traballadores aínda quedan sen a garantía do seu posto de traballo, isto é o importante. E o Goberno Central non foi capaz, na primeira votación de marzo, de conseguir un acordo e buscou logo apoios parlamentarios por procedementos aos que non me vou referir, aínda que lexítimos na negociación, para conseguir a segunda aprobación, pero nós votamos en contra desa segunda proposta ao Congreso dos Deputados, votamos nós libremente como a vostedes lles corresponde votar libremente, e nesa votación o que dixemos claramente é que estábamos a favor do mantemento dos postos de traballo.

Polo tanto, estamos aquí para apoiar esta moción salvo unha cuestión dun punto ao que me vou a referir, pero o que si é certo é que vostede non se leu a moción, porque cando vostede interpela ao que presenta a moción e tendo en conta que nós a imos apoiar, nesta moción no punto segundo se di da garantía do acceso aos postos de traballo no sector público e faise unha manifestación expresa en favor de que se garanta ese acceso con igualdade, mérito e capacidade.

Polo tanto, toda a intervención que fixo dun contido político, de defender a un cargo político seu, de defender o que fixo o Goberno no Congreso dos Deputados, é dicir, como sempre, defender posturas do Partido Popular que soen ir en contra dos traballadores queda absolutamente en nada.

Nós dos cinco puntos estamos a favor de catro, nós pediríamos que o punto terceiro se retirara porque entendemos que este foro, que este Pleno do Concello de Vigo non é o adecuado para apoiar mobilizacións e folgas, os sindicatos, os traballadores teñen o seu dereito á negociación e ás medidas que crean que deben adoptar, pero entendemos que representantes elixidos democráticamente no debemos facer aquí esta manifestación e si cremos que ese punto terceiro debería ser substituído por unha declaración expresa de apoio deste Pleno de que deben garantirse os postos de traballo, gustaríanos iso, en caso de que se manteña o punto terceiro pedimos votación separada porque votaríamos a favor do un, do dous, do catro e do cinco e nos absteríamos por ese motivo no terceiro.

PRESIDENCIA: Pídolle a tódolos compañeiros/as deste Pleno é respecto ás

intervencións do resto dos compañeiros e que intentemos gardar silencio para respectar a intervención dos mesmos.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: En canto a proposta que fai o Partido Socialista, estamos dispostos a facer unha votación por puntos en todo caso, non a substitución pero unha votación por puntos non temos inconveniente.

En canto á intervención do grupo do Partido Popular, claro que houbo negociación, si, entre sindicatos e a patronal, unha negociación na que se chegou a acordos, dinamitada polo Goberno do Estado español. O Real Decreto Lei imposto polos seu partido ten consecuencias que non se corresponden coas esixencias da Unión Europea e que só poden clasificarse como ideolóxicas, non como técnicas. Os contratos indefinidos dos estibadores portuarios convértense en postos de traballo precarios pendentos da contratación polas empresas estibadoras, as empresas estibadoras dispoñen dun prazo de tres anos durante o que só terán que contratar ao 75% e 50% e 25% do estibadores portuarios durante o primeiro, segundo e terceiro anos respectivamente, co cal o compromiso de garantía de emprego queda en nada. Á finalización deste período, os traballadores non contratados de novo serán despedidos colectivamente con indemnizacións realizadas con cargo aos recurso públicos das respectivas Autoridades Portuarias, isto supón un despido xeneralizado e a apertura dun novo proceso de selección e contratación non estable e precaria de todo o persoal da estiba portuaria, que en modo algún derívase dunha esixencia da sentenza da Unión Europea, sendo unha opción política que afonda na precariedade e desregulación laboral, que baixo a denominación de liberalización do sector ten o propósito e a finalidade de incrementar a riqueza dos operadores portuarios en detrimento dos dereitos dos traballadores/as e en modo algún beneficiar aos consumidores españois.

En canto ao Sr. López Veiga, vou citar textualmente un estrato dunha entrevista; pregunta: “¿hay posibilidad de recuperación de los tráficos perdidos en el Puerto de Vigo?”, resposta: “sin hacer pronósticos, un posible acuerdo con las SAGEP nos abre la esperanza de que poco a poco los tráficos vayan volviendo, entre otras cosas porque el transporte marítimo va hacia buques mayores y estos, de unos 336 metros de eslora requieren unos calados que solo los da el Puerto de Vigo” a ver se vai ser cousa que o descenso de tráfico non ten que ver coa estiba senón

coa ineptitude da Autoridade Portuaria.

A 12 de abril de 2017 déronse a coñecer os datos de por exemplo do Porto de Barcelona que a ver se non vai haber estiba no Porto de Barcelona, e resulta que xestionou un 25,3% máis de mercadorías, mellor trimestre dende o 2008 a pesares do conflito da estiba.

PRESIDENCIA: Como acaba de propoñer o grupo propoñente pasamos a votar cada punto por separado.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN 1º PUNTO: Por unanimidade dos vinte e tres membros da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobado o 1º punto.

VOTACIÓN 2º PUNTO: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, queda aprobado o 2º punto.

VOTACIÓN 3º PUNTO: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, catorce abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e

seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, queda rexeitado o 3º punto.

VOTACIÓN 4º PUNTO: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, queda aprobado o 4º punto.

VOTACIÓN 5º PUNTO: Por unanimidade dos vinte e tres membros da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobado o 5º punto.

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.05.2017 (Rex. Nº 1519/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, co rexeitamento do terceiro punto, quedando do seguinte xeito:.

1.- Reafirmar o respaldo ao sector da estiba e instar ao Ministerio de Fomento, ás empresas e aos traballadores a que consensuen as medidas que permitan superar a incerteza xerada dende a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en 2014.

2.- Instar ao Goberno do Estado español e a Patronal da Estiba ANESCO a que na mesa de diálogo cos sectores e axentes sociais e industriais correspondentes se respecten todos os dereitos laborais conquistados polo sector ao mesmo tempo que introduza garantías para o acceso ao emprego sen discriminación de ningún tipo de acordo co artigo 14 da Constitución Española e de acordo aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

3.- Instar ao Goberno do Estado español a cumprir os acordos da OIT establecidos pola convención 137.

4.- Dar traslado do seguinte Acordo ao Goberno do Estado Español e aos distintos grupos parlamentarios das Cortes Xerais.”

7(82).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, AO OBXECTO DE DAR EXPLICACIÓNS EN RELACIÓN AS CAUSAS XUDICIAIS ABERTAS. REXISTRO PLENO 1556/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de maio de 2017, número 1556/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En data recentes temos coñecido o auto ditado polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo no que se decreta a apertura de xuízo oral contra un funcionario deste Concello por delito continuado de prevaricación, malversación e falsidade documental e contra o representante da concesionaria municipal Imes-Api, S.L. por delitos continuados de malversación e falsidade documental no coñecido caso como “da contratación da cuñada de Carmela Silva”.

Así mesmo noutro caso que está en fase de instrución se están a investigar as inxustificadas produtividades outorgadas ao mesmo funcionario e foron imputados dous concelleiros municipais, un deles tamén cuñado da Sra. Silva

Dicía a Xuíz que instruíu o sumario no auto de data 21/06/2016 en relación coa contratación de Dna. Vanesa Falque, irmán política da Primeira Tenente de Alcalde, Dna. Carmela Silva, pola concesionaria municipal Imes-Api, S.L. *“...habrá que convenir que para cualquier otra persona anónima, carente de las relaciones que en este caso sí tenía la investigada por su parentesco con la entonces teniente de alcalde del Concello de Vigo, el acceder a un contrato de trabajo de cinco años de duración, cobrando puntualmente su nómina, en una empresa que no necesitaba de sus servicios y bajo los auspicios del propio Concello de Vigo, sería una pretensión sencillamente ilusoria;...”*

Tamén no escrito de acusación asinado pola fiscalía en data 2/2/2017 deixase constancia de acusacións moi graves sobre a necesaria participación de membros do goberno local neste asunto, así expón *“...actuando con la intención fraudulenta de lograr que el Concello de Vigo diera ocupación laboral a Vanesa Falque Barral, mujer muy afín a un miembro del gobierno local, ideó un plan para conseguir su efectiva ocupación...”*

Así as cousas, e independentemente do que decidan os tribunais neste asunto, o goberno local non pode agochase detrás das causas xudiciais contra os funcionarios e ten que afrontar a súa responsabilidade política neste caso.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular esiximos publicamente que o goberno municipal dese aos vigueses algunha explicación sobre estes feitos e asuma as súas responsabilidades políticas. Como resultado a esta solicitude a única resposta que obtivemos foi en forma de ameazas mais propias de rexímenes totalitaristas ou mafiosos do tipo “que mida mucho... y que tenga mucho cuidadito con lo que dice” ou un silencio difícil de explicar. Creemos que o goberno municipal e, en particular a primeira Tenente de Alcalde, debe dar as explicacións políticas que os vigueses necesitan, merecen e demandan.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo presenta a seguinte moción ao abeiro do disposto no artigo 67 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e SOLICITA:

A comparecencia ante o Pleno do Concello de Vigo da Primeira Tenente de Alcalde, Dna. M^a del Carmen Silva Rego, ao obxecto de responder ás preguntas que se lle formulen para dar explicacións políticas en relación as causas xudiciais abertas polo presunto enchufe da súa cuñada e a investigación sobre a concesión dun plus ao mesmo funcionario municipal ao que se lle abre xuízo oral.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: O 25 de marzo do 2015 a petición do Partido Popular realizouse un Pleno extraordinario porque acababan de ser imputados tres altos funcionarios e a cuñada da Primeira Tenente de Alcalde hoxe tamén presidenta da

Deputación de Pontevedra. Tivemos que recorrer a un Pleno extraordinario porque nin o Alcalde nin ningún responsable político quixo dar ningunha explicación. Pedíámoslle que clarexasen o que estaba a pasar non xa ao Partido Popular senón aos cidadáns porque tiñan dúbidas e tíñamos dúbidas do que estaba a pasar no Concello.

O Alcalde se limitaba a responder a súa habitual “nada que dicir”. O 21 de abril de 2017, hai pouco máis dun mes, polo mesmo asunto, a contratación da cuñada da Sra. Silva, o Xulgado número 7 de Vigo publica un auto polo que se decreta a apertura de xuízo oral por delito continuado de prevaricación, malversación e falsidade documental contra un alto funcionario do Concello, o xefe de servizo de Participación Cidadá e tamén xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e contra tamén o responsable da empresa a que este goberno socialista encargou a xestión dos centros cívicos. A fiscal que leva este asunto pide 8 e 7 anos de prisión respectivamente e a inhabilitación absoluta para ambos durante 20 anos, requíreselle ademais unha fianza solidaria de 171.000 euros para asegurar as responsabilidades pecuniarias advertíndolles do embargo dos seus bens en caso de non prestala.

O tema é moi grave porque hai moitas coincidencias e moitas evidencias, un, o responsable da empresa concesionaria dille ao xuíz que non facía falla contratar a ninguén. Dous, o responsable da empresa di tamén que non coñecía de nada a esa persoa pero lle mandan dende o Concello contratala. Tres, esa persoa estivo durante 5 anos cobrando sen ir a traballar porque di o responsable da empresa concesionaria que realmente eles non eran os seus empregadores, porque esta persoa recibía ás ordes do xefe de servizo do Concello. Catro, o xefe de servizo do Concello di que non coñecía de nada a esta persoa, entón de onde saíu este nome? Das páxinas amarelas? Puido ser unha revelación? Acaso foi como aquel paxaro que se lle apareceu ao Sr. Maduro e que lle dicía que o Sr. Chávez estaba feliz no ceo. Parece unha broma pero de broma non ten nada porque nos custou 130.000 euros que pagamos os vigueses dos nosos petos, un a un. Ademais isto continúa porque a este xefe de servizo, o goberno socialista local prémialle, empézalle a premiar ademais cando propón a adxudicación do contrato a Imesapi e dende que se contrata a Sra. Vanesa Falque, se lle outorgan encomendas e produtividades en 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 por un importe de 7.757

euros anuais, este último ano ao aparecer unha querela polo medio se suspenden, que casualidade!, as produtividades. O motivo de tanto pluses xustificábase por razóns de urxencia e temporalidade ata que non se producise a cobertura mediante algún dos mecanismos legalmente previstos do posto xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, todo unha montaxe porque o departamento de Recursos Humanos nunca convocou ese posto e a día de hoxe segue sen convocarse e seguen os recoñecementos, este vaille gustar, abran os oídos, ollo ao dato, en outubro do ano pasado, non hai tanto tempo porque xa estaba máis que imputado o xefe de servizo, a FEMP invita a este señor a Madrid ao Hotel Catalonia Atocha apadriñado polo goberno socialista de Vigo, saben a que? A participar como poñente nunha mesa redonda, e a que non saben cal é o título da mesa redonda? “Buenas prácticas de empleo en el ámbito municipal”, si, oíron ben, o xefe do servizo imputado que presuntamente enchufa á cuñada da Sra. Silva vai alí a dar unha ponencia de boas prácticas de emprego no ámbito municipal, por iso tal e como recolle o Regulamento o que pedimos é a comparecencia no Pleno do Concello da Primeira Tenente de Alcalde, a Sra. María Carmen Silva Rego ao obxecto de responder ás pregunta que se lle formulen en relación as causas xudiciais abertas polo presunto enchufe da súa cuñada.

SR. PÉREZ CORREA: En primeiro lugar, amosar a nosa preocupación porque unha solicitude de comparecencia dun concelleiro/a teña que ser a través dunha moción, froito desa reformulación do Regulamento do Pleno e que vai en contra de todo código de boas prácticas, de todo procedemento dos concellos deste país onde as comparecencias dos concelleiros/as, de calquera cargo público no Pleno deberían de naturalizarse como normais, polo tanto, si que consideramos que non debe ser a través dunha moción porque precisamente a comparecencia debería de darse de maneira natural cando o pide unha parte importante deste Pleno, neste caso solicitada polo Partido Popular que son 7 concelleiros/as.

Nós estamos de acordo nas comparecencias, estamos de acordo en que se abra as comparecencias con naturalidade, dicía antes o concelleiro do Partido Popular que nestes días están enfrascados nunha manobra de desestabilización do goberno venezolano é algo natural no parlamento venezolano que interveñan en comparecencias nunha comisión que se chama de Controloria, é absolutamente

normal, polo tanto, debería ser normal como é normal nos concellos e vou citar onde están abertas agora mesmo comisións de investigación: Sevilla, Getafe, Rivas Vaciamadrid, a propia Madrid, Barcelona, é dicir, os grandes concellos abren debate sobre estas cuestións. Hai cuestións nesta moción que a nós non nos gustan como parte dun consistorio, que a cuestión das afinidades familiares sexan as que xudializamos porque como ben din algúns autos xudiciais iso para nós é absolutamente secundario, a nós o que nos preocupa son os instrumentos que se van poñendo como funcionamento dentro dos concellos para que si poidan pasar esas cuestións que a solicitude do Partido Popular pon enriba da mesa.

Polo tanto, nós queremos centrarnos en algo que xa é a enésima vez que este grupo municipal solicita e é que abramos xa unha comisión de investigación porque si, independentemente do resultado xudicial, independentemente de que o xuíz diga que non hai delito, que hai un procedemento irregular administrativo, independentemente diso, só coa apertura dunha investigación, só con que un concelleiro desta Corporación teña que ir a un xulgado a declarar nós deberíamos de maneira natural abrir un proceso para clarexalo, e non é o Pleno, son as comisións de investigación que teñen que elaborar un ditame e traelo a este Pleno, nós non queremos ningún linchamento público de ninguén, queremos unha comisión de traballo que estableza o que está a pasar neste Concello porque nin unha, nin dúas, nin tres veces e incluso nos procesos xudiciais que se van desestimando que poñen en dúbida o procedemento da adscrición temporal de funcionarios ás prazas vacantes, aos postos de traballo vacante, algo que está xeneralizado dende o ano 2008, que é curioso, dende a chegada do Partido Socialista do Sr. Abel Caballero a este Concello, as adscricións das xefaturas son absolutamente aleatorias, neste Pleno dixémolo, un sistema de cooptación interno de traballadores públicos en vez de quitar a concurso esas prazas, que esas prazas si que son realmente as que logo condicionan determinadas cuestións que poden ser xudicialmente denunciabes, son as que condicionan determinados informes como a prorroga de 5 anos a Aqualia, claro que son as que condicionan tamén o control das concesionarias, a min pareceríame grave non que un familiar dun concelleiro fixera ese traballo senón que o xuíz di que hai dúbidas se os traballos se fixeron e se eses traballos foron facturados ao Concello de Vigo. Polo tanto, teríamos que abrir unha comisión de investigación á concesionaria Inesapi por se

estaba facturando traballos a este Concello que son traballos que fiscalmente temos que ver se a factura realmente corresponde a traballos feitos iso está no auto, independentemente da imputación que xa non existe esa figura da investigación ou non de concelleiros, independentemente do vínculo familiar, que a nós parécenos a parte menos ilustrativa do que está a pasar, pero si unha cuestión que vostedes non queren quitar a relación de traballadores por posto actualizada, que non queren facer público, vostedes en abril na Xunta de Goberno recomendan que hai que poñer no Portal de Transparencia como foron tódalas adscricións das xefaturas, está aí un documento do 27 de abril, onde está esa información que está requirida por este grupo municipal por vía normal que é pedila, queremos saber porque hai case 100 A1 e A2 que a adscrición da súa praza a postos de xefatura é absolutamente arbitraria, queremos unha oposición interna e que os traballadores públicos desta casa con maior capacidade ou mérito poidan optar a esa praza, porque a xefatura de emprego ten que dicir “a esa persoa a puxemos nós, como a puxemos nós, leva oito anos e é a persoa máis idónea”, para nós é o que temos que facer nós.

As outras cuestións que están enriba da mesa que resolva xudicialmente, que a nós nos da exactamente igual a cuestión familiar, o punto familiar a nós nos é absolutamente trivial neste debate, o que hai detrás é que si, efectivamente, se o que se habilitan son fórmulas de que ao final a adscrición das xefaturas é para avantaxe ou non dun goberno, iso si que pode haber ese tipo de cuestións e pode haber outras como que as concesionarias teñan aquí barra libre sobre determinadas procesos.

Polo tanto, volvemos pedir esa comisión de investigación e que emita un ditame para o Pleno, o resto creo que xa está dito.

SR. LÓPEZ FONT: Próximo a cumprir dez anos neste Pleno oín absolutamente de todo, pero unha intervención como a que fixo o Sr. Fidalgo no día de hoxe non a tiña escoitado, eu voulle facer reflexionar de que cando estea a acta se relea vostede o que dixo aquí, porque é un ataque tan indigno dun representante político, non respectando a presunción de inocencia, un ataque tan indigno a un funcionario deste Concello que literalmente lle digo a cara que debería darlle vergoña a vostede o que dixo, entrando en temas persoais de si asiste a unha o

outra conferencia, a unha ou outra cuestión, vulnerou vostede absolutamente todo, dende o punto de vista político todo, porque lles vale absolutamente todo, pero dende o punto de vista persoal, dende o momento en que vostede fala dunha persoa con nomes e apelidos, dende logo é vostede indigno de ser representante do pobo de Vigo.

O primeiro que terían que facer con esta moción é pedir perdón, textualmente, polo texto da moción e polo que significa, por non respectar os tempos da xustiza e claro que ao non respectar os tempos da xustiza meten a pata de forma tan soberana como que se refire a dúas causas xudiciais e fíxese, unha xa está arquivada e non tivo ningún efecto, fíxese a perversión da falar antes de que ditamine a xustiza, dende que a presentaron agora pasou todo iso. Vostedes como grupo municipal teñen un problema pero moi serio, a mediocridade política, a falla de sintonía coa cidade e a incapacidade para contactar cos cidadás, que fan? Ante esa incapacidade política non falar de política e vir literalmente a intentar enfangar estas cuestións, é dicir, a moción que hoxe temos aquí porque a verdade se non soubera que é vostede pareceríame un xuíz ditando sentenza porque co relato que facía aquilo parecía unha sentenza e lle lembro que aínda está en fase xudicial.

Polo tanto, que buscan? A crispación e queren que nós entremos no “e ti máis” e non o imos facer, eu non lle vou falar das 20.000 causas que teñen vostedes nin da xente que teñen na cárcere, o que pasa é que a primeira tenente de Alcalde a que se lle refiren vostedes nese relato que fixeron e voume a acoller ao seu relato, nada ten que ver con este expediente, foi vostede mesmo o que relatou absolutamente todo no que se demostra que non está involucrada neste proceso. Novamente unha forma de saltarse o que é o respecto mínimo, po iso considero que deberían pedir desculpas e é evidente que a súa incapacidade política como dicía anteriormente é manifesta, comprobámolo estes días no que a que asina esta moción tivo que cambiar en tres ocasións en escasos días de opinión sobre algo tan importante na cidade como Illas Cíes, Patrimonio da Humanidade, a verdade é que a Sra. Muñoz que asina esta moción o mellor que puido facer é non defendela ela e dicirlle a vostede que a defenda, pero a Sra. Muñoz para tapar eses ridículos se presentan estas mocións e leva camiño de ser récord Guines, xa ten dous récord Guines un, o de ter cambiado de opinión catro veces en moi poucos días e

os outros claro en canto ao que é implantación e consistencia política nesta cidade evidentemente alguén a quen lle entregan 13 concelleiros e segundo as enquisas se atopan tres concelleiros pois evidentemente teñen dentro da desesperación moitas formas de reaccionar e unha é esta, presentar esta moción, que lle pasa á que asina esta moción? Que está en termos futbolísticos que entendemos todos, está co síndrome do adestrador que se vai cesar, e entón a Sra. Muñoz sabe que lle buscan substituto, dous andan por Madrid, un anda por Vigo e entón ela e vostede son os idóneos como para falar de situacións en outros partidos dentro desta desesperación se presenta esta moción e nós o que pedimos e remato como comezaba, é respecto á presunción de inocencia e da vergoña que un concelleiro ataque deste maneira a un funcionario deste Concello.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, non imos entrar nos insultos, nas provocacións, nas continuas fallas de respecto que vostede cara o noso grupo e á presidenta do Partido Popular esta a verter, siga por aí que nos fai publicidade, iso nos ven ben. Non o intente porque non lle imos facer moito caso e non lle imos entrar aí, quen ten que pedir desculpas e dar explicacións políticas son vostedes porque isto é moi grave, oito anos de cárcere por presuntamente facerlle un favor a un político, isto é moi grave Sr. Font, póñase como se poña e cheira moi mal.

A xuíz que instruíu o sumario di nun auto que “haberá que convenir que para que calquera outra persoa anónima carente das relacións que neste caso si tiña a investigada polo seu parentesco coa entón Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, o acceder a un contrato de traballo de 5 anos cobrando puntualmente a súa nómina nunha empresa que non necesitaba dos seus servizos e baixo os auspicios do propio Concello de Vigo, sería unha pretensión sinxelamente ilusoria”, iso é o que di a xuíz e por iso, e respectando a presunción de inocencia, só fallaba, aquí vimos a pedir explicacións políticas, o goberno local non pode seguir escondéndose, aquí botamos en falla ao Alcalde e a Tenente de Alcalde, deben de darlle aos vigueses as explicacións que necesitan. Como resultado á nosa solicitude de aclaracións que recibimos? Insultos e ameazas dun goberno baixo sospeita. Estas respostas de que se mida moito, ou que teña moito coidado co que di, que hoxe agradezo que non as utilizaran, parece máis propias de réximes totalitarios que de réximes democráticos, non temos que ter moito coidado co que

dicimos, teñen vostedes que ter moito coidado co que fan e como empregan os cartos públicos.

Sr. Font, comprendo o papelón que lle obrigaron a facer hoxe, a súa lealdade ao réxime é encomiable, dende logo, pero é imposible defender o indefendible, tapar o que tódolos vigueses están a ver menos vostedes, a vostede sempre lle toca facer de bombeiro, pero este incendio é demasiado grande e con todo o cariño e respecto persoal que lle teño dígolle que non lle vai chegar a manguera. Este asunto é só a punta do iceberg, o seu goberno ten moitas gretas que é imposible disimular, non queren dar explicacións porque non hai explicacións que dar, non queren dar explicacións porque como dicía o seu slogan “falan os feitos”, ata os seus propios militantes déronlle as costas, é o principio do fin.

PRESIDENCIA: Nesta moción o grupo Marea de Vigo falou do Regulamento e de que forma se usaban para as comparecencias dos señores concelleiros membros do goberno, en cumprimento do regulamento é o que se fixo e aí está regulado e as comparecencias fánse a través de moción e o único que se fai aquí é cumprir o Regulamento, se non estamos de acordo co Regulamento teremos que cambialo pero cando se aproba un Regulamento que é o que regula o funcionamento dun Pleno, pois ten que cumprirse.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 10.05.2017 (Rex. Nº 1556/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(83).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ATENDER DE XEITO INMEDIATO AS DEMANDAS DOS VECIÑOS DE MATAMÁ, ACOMETENDO AS OBRAS DE MELLORA NECESARIAS E CUMPRIR CO COMPROMISO DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO POLIDEPORTIVO. REXISTRO PLENO 1563/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de maio de 2017, número 1563/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O abandono das parroquias rurais de Vigo configúrase como un dos grandes déficits deste goberno municipal. Unha falta de atención que se fai visible tanto no que respecta aos servizos prestados como ao que se refire a infraestruturas e patrimonio histórico.

Neste marco, a parroquia de Matamá tense configurado como un punto de referencia do rural vigués, sumando un importante patrimonio histórico e arqueolóxico que se remonta ata a Idade de Bronce. Neste sentido, Matamá conserva varias estacións de arte rupestre como as do Monte Fabal, o Barrio de Moo, de Gáspara ou de Os Sobreiros; conta coa Igrexa Parroquial de San Pedro, construída no século XVIII; ou dispón de numerosas fontes e lavadoiros catalogados.

Pese a toda esta importante riqueza, os veciños veñen notando un crecente abandono por parte do goberno municipal, como teñen posto de manifesto en reiteradas ocasións distintos colectivos sociais, culturais e deportivos.

Así, entre as demandas veciñais dos últimos anos atópanse necesidades básicas como a mellora e finalización de asfaltados, a realización de beirarrúas e o arranxo de marquesiñas e lavadoiros.

Neste sentido, cómpre salientar que a media ducia de lavadoiros con que conta a parroquia atópase abandonados e sen pintar desde fai anos; as varandas do palco da música están completamente oxidadas; moitas zonas da parroquia permanecen sen limpar e coas malas herbas crescendo; ou mesmo no aparcadoiro da asociación veciñal fai falla pintura e un muro de contención que evite as continuas caídas de terra.

Un panorama no que hai que lembrar, tamén, as promesas incumpridas polo alcalde que se remontan á campaña electoral das últimas municipais. Entón, prometeuse un novo polideportivo na parroquia así como o peche do patio do colexio público Josefa Alonso de Alonso.

Todos estes incumprimentos e faltas de actuación cobran maior relevancia, se cabe, ante o feito de que o actual goberno municipal conta con 97 millóns de euros en caixa. Tesourería máis que suficiente para facer fronte ás necesidades do rural vigués.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao goberno municipal a atender de xeito inmediato as demandas dos veciños de Matamá acometendo as necesarias obras de mellora de asfaltado, beirarrúas, marquesiñas e lavadoiros; e cumprindo os compromisos de construción dun novo polideportivo e de peche do patio do colexio público Josefa Alonso de Alonso. “

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Despois da moción que acabamos de vivir e do resultado de negarse á comparecencia da Sra. Silva, imos agora coa moción que presentamos aquí que é absolutamente construtiva, eu xa sei que ao grupo municipal Socialista e a este goberno municipal lle gusta máis os insultos, a baixa política, acabámolo de escoitar despois de escoitar a intervención do Sr. Font, pero cremos que a política está para outra cousa, eu dende logo estou aquí en política para outra cousa completamente diferente e por iso pódolle mirar a todos vostedes aos ollos e teño a conciencia moi tranquila e gustaríame que todos estiveran no mesmo lugar, e por iso...

PRESIDENCIA: Estamos na última moción ata agora tódolos grupos máis ou menos respectamos a quenda de intervención do resto dos grupos, o que lle pido para esta moción é que sigamos todos igual.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Dicía que presentamos esta moción construtiva porque cremos sinceramente que hai moitas cousas nesta cidade que se poden mellorar e que temos que cooperar e colaborar todos para mellorar esas cousas que son manifestamente mellorables e espero demostrar nesta intervención a necesidade que hai na parroquia de Matamá, que é unha das parroquias rurais que temos na cidade que é un exemplo da situación na que se atopan moitas parroquias rurais desta cidade porque desgraciadamente estamos vendo como nos últimos anos a brecha entre o centro de Vigo e as parroquias rurais é cada vez máis grande porque este goberno só mira para un sitio, ao centro, a reformar o xa reformado, a cambiar moitas veces o mesmo pero dende logo está moi afastado de cambiar e de atender as verdadeiras necesidades que teñen nas parroquias rurais e a verdade é que os veciños destas parroquias non entenden a desatención, o esquecemento, o estado no que se atopan esas parroquias sobre todo cando son vigueses exemplares que deben ser tratados exactamente igual que o resto dos vigueses, que pagan os mesmos impostos que o resto dos vigueses e que merecen dende logo, ser tratados iguais que o resto dos vigueses.

Eu pediría Presidente, que me deixaran de interromper porque a Sra. Iglesias González non para de falar, eu creo que terá algo que dicir de Matamá, o mesmo nos pode contar algo.

Como unha imaxe vale máis que mil palabras, ben vale ensinar algunhas imaxes do estado no que se atopa a parroquia porque está claro que vostedes teñen pouca idea de como se atopa, é unha parroquia na que os veciños piden asfaltados, que están en estado lamentable os asfaltados desta parroquias, cheo de fochancas, de problemas, ademais con ausencia de beirarrúas, os veciños teñen que camiñar pola estrada co risco que iso leva consigo, os nenos, e a concelleira de Educación terá moito que dicir ao respecto, teñen que ir pola beirarrúa para coller o autobús para ir ao colexio pola estrada porque no hai beirarrúas, a beirarrúa virtual porque vostedes son un goberno virtual, a beirarrúa

que o Sr. Caballero prometeu e que non fixo por esa beirarrúa virtual é pola que camiñan pero dende logo poñendo en risco a súa vida e as dos seus pais, así están as estradas que hai en Matamá, neste estado absolutamente lamentable.

Se queremos falar de marquesiñas, non as hai para as paradas do autobús, xa non imos falar da conexión do autobús de Matamá co centro de Vigo que como o resto das parroquias é absolutamente lamentable, que che toca a lotería cando pasa o autobús e que dende logo, xa podes ir con tempo porque entre ir e volver perdes un mínimo de dúas horas, pero é que tamén os lavadoiros están nun estado lamentable, agora que están tan moda pintar as medianeiras preocúpense tamén vostedes dos lavadoiros, das varandas oxidadas que aquí xogan nenos e se poden cortar e infectar.

En definitiva, necesidades de desbroce, podería ensinar miles e miles de imaxes porque xa que vostedes parece que van pouco por Matamá e non saben a situación que teñen.

Os veciños piden atención, que se lle trate igual que aos veciños do centro, os veciños piden que eses 97 millóns de euros que teñen vostedes na caixa que os empreguen para os veciños porque están indignados cando piden esta reformas e lles din que non teñen cartos para acometelas, isto non custa tanto, xa falaremos na segunda intervención doutras cousas que si que custan máis, que foron promesas do Sr. Alcalde que lle ía a construír, e iso prometeuno en campaña electoral, un polideportivo que ía estar en dous anos, xa se cumpriu dous anos e non empezou nin o desterre, están a dicir, onde está o polideportivo, as promesas do Sr. Alcalde? Que se levou as promesas do Sr. Alcalde para Matamá.

Eu sinceramente espero que tomen nota e que fagamos unha moción construtiva.

SR. PÉREZ CORREA: Máis alá do dramatismo case de mortes infantís na parroquia de Matamá que creo que tampouco é así a cousa e nós que si que queríamos trasladar unha evidencia e é as cuestións que teñen que ver con esa cuestión de centro-periferia que tamén hai nesta cidade, é dicir, non só a parroquia de Matamá senón o conxunto da parroquias rurais de Vigo, non é unha aseveración que fagamos nós, é unha realidade que vostedes poñen nos orzamentos do ano 2016 e 2017 que hai unha descompensación brutal no capítulo de investimentos que van para o centro de Vigo e o capítulo de investimentos que van para as parroquias,

entre outras cousas porque o que vai para as parroquias non se inaugura, claro inaugurar unha fochanca en Matamá seguramente nos parecería ridículo pero inaugurar unha cousa que custa 25.000 veces máis como pode ser unha escaleira mecánica, si que ten rendibilidade política, dentro dese criterio discutible que ten ese goberno local e si é certo que tódalas cuestións que teñen que ver co mantemento do patrimonio da rede viaria no rural, esquécese porque iso non ten retorno moitas veces mediático, é unha evidencia, non é unha cuestión que digamos nós, imos ao exercicio liquidado do ano 2016. Matamá é unha parroquia que ten un patrimonio cultural e arqueolóxico importante, as partidas que son públicas, vostedes mesmos as presentaron na Conta Xeral que foi a unha comisión informativa, o mantemento do Patrimonio Municipal, as partidas están sen executar, son os datos que están enriba, mantemento do Patrimonio Municipal que inclúe tamén patrimonio que está na parroquia, 200.000 euros, vostedes modifican 151.000 que quitan desa partida e desaparecen e apenas 49.000 euros acaban gastados no ano 2016. En investimento e mellora do Patrimonio, en Matamá tamén temos un patrimonio arqueolóxico importante, 175.000 euros e só gastan 68.000 euros, melloras nas parroquias que é a partida na que nos entendemos que pode ir gran parte do que propón o Partido Popular, 430.000 euros, case 200.000 euros sen executar, conservación de viais, contrato que vostedes teñen adxudicado a unha empresa concesionaria, 1.900.000 euros para todo o exercicio e 740.000 euros que non é unha partida pequena, pasa a remanente de crédito, certo que o Partido Popular utilízao de maneira demagóxica os 97.000 millóns de euros de caixa, entre outras cousas porque se hai alguén que prohibe aos concellos utilizar ese remanente para este tipo de infraestruturas é o propio Sr. Montoro e o Partido Popular que impiden que eses remanentes de crédito, hai concellos que acaban de poñer partidas importantes nos seus orzamentos para precisamente mellora das súas redes viarias, incluso dos polideportivos, é o propio Teito de Gasto e o criterio que vostedes consagran o que impide utilizar eses recursos, pero si é certo que o Concello de Vigo ten recursos de sobra polo menos para acometer as melloras que están contidas nesta moción. Eu creo que non ten que ser o Concello o que poña os patios nos colexios, eu creo que ten que ser a Xunta de Galicia, o problema é que cando un Alcalde vai polas parroquias prometendo que o fai el, logo a xente amárrase a esas cuestións, ao mellor sería bo dicir que é a Xunta de Galicia a que

ten que acometer a mellora dos centros educativos que son da súa competencia e non ir prometendo cousas que logo obviamente os veciños se amarran porque son promesas que se fan durante a campaña electoral, si que é certo que temos gran parte de problema na rede viaria, calquera persoa que conduza habitualmente polas parroquias a situación do mantemento da rede viaria, imos ser incluso absolutamente positivos e pensar que no ano 2017 esa choiva de millóns que fai a Deputación de Pontevedra para a mellora e o asfaltado chegará ás parroquias, polo menos nos últimos anos non foi así. Polo tanto, si que consideramos que estas cuestións non son só reivindicación que propón o Partido Popular senón que o movemento veciñal, asociativo da parroquia está sistematicamente pedindo investimentos, polo menos xa non dicimos que sexan investimentos que equiparen ao gasto brutal que se vai facer nos fondos Edusi, é certo que se pode entender que 15 millóns de euros para poñer escaleiras mecánicas forma parte dun proceso ou do criterio europeo de facer unha cidade integradora, accesible, pero ao mellor sería bo que alguén se sentara como fixeron os Concellos de A Coruña e de Ferrol que vai dentro deses 15 e 10 millóns de euros que lle acaban de adxudicar que o que queren precisamente é integrar a súa periferia rural dentro da cidade, o que están a facer son os accesos e as melloras dos acceso do rural ao centro de cidade e non pensar nese modelo de cidade céntrica que dende logo non é onde vive unha gran parte de poboación desta cidade.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que a min chámame moito a atención esta moción porque tiven que vivir en primeira persoa que na campaña electoral do Partido Popular nos dicían que se facían moitas cousas en Matamá, que como había un concelleiro que vivía en Matamá, e tiven que vivir así a campaña electoral e as veciñas/os de Matamá nos deron unha maioría ampla superior ao 50% porque si sabían o que se facía en Matamá, entón eu pensei, agora que somos dous concelleiros de Matamá nos van a dicir que facemos moitísimo en vez de moito, e teño a sorpresa de que cambiaron de estratexia porque aquela non lles funcionou e levounos a unha maioría absoluta de 17 concelleiros e agora o que van dicir é negar a evidencia.

Eu tiña unha relación das actuacións que fixemos no último período de Matamá pero tampouco vouno dicir porque non ten ningún sentido que eu lle diga que se

investiron na rúa Canteiros máis de 70.000 euros, ou en Manuel Castos Bastos máis de 120.000 euros, ou en Manuel Cominges máis dun millón de euros, na rúa Leonardo Alonso máis de 50.000 euros, en Beirán máis de 70.000 euros, recollida de pluviais máis de 450.000 euros, no camiño Lavadeiro da Fonte máis de 70.000 euros, na estrada de Balsa máis de 30.000 euros, na rúa Revolta que supriminos unha curva que era moi peligrosa para o tránsito, máis de 60.000 euros, no camiño Carpinteira máis de 50.000 euros, etc. todas as actuacións na parroquia de Matamá que superan os dous millóns de euros.

Tamén me sorprende un pavillón, a verdade que si, que Matamá necesita un pavillón, eu pensei que estaba feito porque o Partido Popular xa gobernou aquí oito anos e que xa o fixeran eles pero non, do Partido Popular nunca falan os feitos, falan outras cousas.

A verdade sorprendíame moito a moción e lendo a moción dicíanme que se o patio estaba pechado ou non estaba pechado, claro eu fun ao patio a buscar a miña nena que estuda nese colexio público e o patio estaba pechado, como ía estar aberto? Senón non poderían estar alí os nenos xogando, pero entendo que puxeron patio pechado, patio aberto pero que querían dicir patio cuberto ou patio non cuberto. A verdade que este goberno, a non acción da Xunta de Galicia porque as competencias en Educación son da Xunta de Galicia por unha cousa ben que dixeron os señores de Marea de Vigo porque o resto liáronse todo, pero como a Xunta de Galicia non o fai e para nós o importante son os nenos porque é o noso futuro, pois estamos a facer nestes momentos o patio cuberto de Santa Tegra, Frián, de García Barbón, de Eduardo Pondal, do colexio Sello, de Pardo Bazán, de Balaídos, de López Vega, Carballal, de Iglesia de Valadares, de Carrasqueira, de Vicente Risco, de Escultor Acuña, de Canicouva e de Santa Marina, só este ano máis de 500.000 euros están no Orzamento municipal para a acción nos colexios públicos de Vigo, e un total de obras que superan o 1.524.000 euros, accións que estamos a facer nos colexios públicos competencia da Xunta de Galicia.

Pero a min non me estraña que nun día digan unha cousa, ao día seguinte digan outra e despois con estas políticas, as políticas que levaba a cabo a Sra. Porro dábanlle un respaldo de 13 concelleiros, as políticas do Sr. Figueroa dábanlle un respaldo de 7 concelleiros e liamos o outro día nun xornal que as políticas da Sra. Muñoz lévannos a 5 concelleiros, imos ter que facer unha bancada especial para

vos, pequena, pequena, a mini bancada.

Cando os señores de Marea de Vigo din “onde están os cartos da Deputación de Pontevedra no rural”, están nun millón de euros en asfaltos que como sabe vostede nestes momentos vanse a aplicar xa que estaban pendentes dunha solicitude que facíamos a Patrimonio que xa temos acordada e na súa parroquia ou polo menos na parroquia que presume vostede de ser, a de Beade, imos facer unha infraestrutura provincial cun importe rondando os tres millóns de euros. Co cal estamos a falar de que só nas parroquias este ano vanse investir máis de 5 millóns de euros e a diferenza da xente de Podemos, da de Marea de Vigo e do Partido Socialista vemos aquí esta cabeceira do xornal de La Voz de A Coruña que di que “o goberno de A Coruña adxudica o 1% comparado co goberno de Vigo”, 16 millóns adxudica o goberno de Vigo en obras para a cidade e 166.000 euros o goberno de A Coruña. Non só iso, senón que di que as obras de A Coruña todas son adxudicadas por contratos menores pouco transparentes e concorridos e o que di é que “os contratos do Concello de Vigo son por un procedemento aberto o máis lento pero tamén o máis garantista e transparente nos mecanismos de contratación pública”.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Presidente, a verdade que como está pluriempregado parece que non entendeu ben cal era o obxectivo da moción, o obxectivo era falar de Matamá porque lle adicou pouco menos de minuto e medio o resto fixo publicidade e propaganda que é o que lle gusta a vostedes tanto facer pero dende logo, de Matamá pouco falou.

Simplemente facer referencia ás afirmacións do Sr. Correa, efectivamente un pouco de dramatismo, pídolle desculpas por falar de esa posibilidade debe ser que se me contaxia esta linguaxe apocalíptica que ten a esquerda de Podemos e a Sra. Alonso cando fala dos nenos e dos centros educativos, síntoo, esta non é dende logo a nosa liña. Pero si que me preocupa moito falar de Matamá, porque queríamos falar de Matamá e me preocupa aínda máis que o concelleiro responsable e veciño tamén da parroquia non se preocupe por estas fotos, xa que parece que pasea pouco pola parroquia, do estado no que se atopa Matamá porque eu creo que un goberno responsable o que ten que facer cando ve que hai deficiencias é dicir, “pois si, non podemos dar a todos, sabemos que hai

deficiencias, imos poñernos a traballar e dende logo imos darlle aos veciños de Matamá o que os veciños de Matamá merecen e demandan” porque nós o que estamos a trasladar é unha demanda dos veciños de Matamá e non escoitar ao concelleiro que se poña medallas de dicir cando fixo porque lle queda moito por facer.

Fagan vostedes unha reflexión e empreguen eses 97 millóns de euros, non son unha demagogia, 97 millóns de euros nos informes que o Sr. Aneiros sábeo moi ben que hai 97 millóns de euros en caixa que se poden utilizar porque nós o que queremos é que se gaste o que os vigueses pagan en impostos, o que queremos é que tódolos impostos que paguen os vigueses e os veciños de Matamá son tan vigueses como calquera outro se traduza en mellores servizos e os veciños de Matamá teñen fochancas nas estradas, non teñen beirarrúas, teñen un transporte público lamentable, non teñen o famoso polideportivo que tanto se lles prometeu senón que hai aínda alí un solar, non teñen os servizos no palco da música, que se lles está a cair literalmente e vostedes fan un parche, por certo, a Sra. Iglesias González ben debe saber o parche que se fai, o cacho que se asfalta por algo será, seguro que nolo podería contar, o que non están a facer é atender ás verdadeiras necesidades das parroquias desta cidade, dende o Partido Popular propuxemos cinco millóns de euros de emendas ao orzamento para atender ás necesidades das parroquias, tamén de Matamá, nos dixeron que non porque vostedes son o goberno do non, non a todo porque si sen pensar no que realmente necesitan os vigueses.

Segan a falar de enquisas, insultando, menos prezando, segan faltando o respecto á oposición que así lles irá.

PRESIDENCIA: Imos facer máis e mellor. Se non coñece Matamá, porque lle dixo á Sra. Iglesias González que se asfaltaran só un tramo da rúa Balsa e está asfaltada xa toda a rúa, eu non quería contestarlle porque me parecía ridículo que vostede non soubera que xa está asfaltado todo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.05.2017 (Rex. Nº 1563/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

9(84).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO ÁS PRAIAS QUE PODERÁN SER EMPREGADAS PARA CANS.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que se seleccionen xa as praias que van poder ser empregadas para cans durante o verán para que se axilice o proxecto ante Costas e a Xunta de Galicia. Polo tanto, que se diga xa cales son as que se van admitir para uso con cans.

10(85).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO AOS

VERTIDOS DAS VIVENDAS DE CABRAL.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Rogo que por favor se nos faga chegar ao Partido Popular onde verten as vivendas de Cabral que non teñen saneamento.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

11(86).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO ÁS FAMILIAS EN PERIGO DE LANZAMENTO.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Que solución vai dar o Concello á familia que neste momento está en perigo inminente de lanzamento.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

12(87).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AOS CAMPAMENTOS DE VERÁN.

SR. GAGO BUGARÍN: En relación aos lotes dos campamentos de verán en inglés, ao parecer, segundo comprobamos, o lote número dous quedouse deserto, é dicir, no se adxudicou a ningunha empresa, polo tanto, queríamos saber que vai pasar con esas prazas e cal vai ser a solución.

PRESIDENCIA: Pero iso non é un rogo Sr. Gago, quedalle esa pregunta reflectida na quenda de preguntas.

13(88).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO Á LIÑA DE AUTOBÚS QUE PARABA EN VIGOSÓNICO.

SR. GAGO BUGARÍN: Constatamos que o 30 de abril deixou de funcionar a parada que tiña instalada a liña de autobús que paraba en Vigosónico, a pregunta en relación é que vai pasar con esta parada, se se vai volver instalar a partires de setembro ou se se vai deixar esa dotación importante para a cidade, sobre todo para os mozos da cidade sen poder parar aí.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito á pregunta. O Partido Popular fixo dúas preguntas e como ten dereito a dúas preguntas, quedan esgotadas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.